


[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A e da A.E.A.) Xaneiro - Febreiro - Marzo 2008]

nº 30

TURISMO CULTURA

FERROL

www.ferrol.es



Concello de Ferrol
TURISMO
CULTURA



SUMARIO



ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN

Nº 30

Xaneiro-Febreiro-Marzo
2008

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

COPYRIGHT

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán

ILUSTRACIÓNS, CABECEIRAS, E REALIZACIÓN
Ateneo Ferrolán, Leandro, Juan de la Fuente

COLABORACIÓNS
Abel, Fernando Dopico, Pilar Blanco Vidal, Ángel Ruiz de Velasco.

PATROCINA:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, CENTRAL LIBRERA, VIAJES PACO, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, CONCELLO DE FERROL, TURISMO E CULTURA.

Ateneo Ferrol

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Benquerido socio/a:
Por medio da presente convocámoste á Asemblea Xeral Ordinaria
que se celebrará no Salón de Actos da nosa entidade,
o xoves día 3 de abril ás 19,30 horas en primeira convocatoria
e ás 20 horas en segundo, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Lectura e aprobación da Acta da Asemblea Xeral anterior
2.- Informe de xestión
3.- Informe económico
4.- Rogos e preguntas

Sen máis e agardando a túa asistencia,
recibe un cordial saúdo da Xunta Directiva,



Botando unha ollada aos 29 EDITORIAIS, das vintenove ATENEAS que levamos publicadas xa, podemos visualizar unhas pinceladas das inquedanzas que foron marcando a "folla de ruta" deste navío de papel que vimos consolidando coas dificultades que non aparecen reflectidas pero que ás veces a piques están de facer "iso", botar o barco a "pique".

De primeiras, nº 1 no 4º trimestre do ano 1999 e durante todo o 2000, destaca a definición de obxectivos, declaración programática, incitacións a colaboracións diversas, e conmemoracións da décima edición do emblemático Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón", pechando o ano 2000.

Segue o 2001 resaltando o 25 aniversario do comezo da etapa máis longa na vida do propio ATENEO FERROLÁN. 25 anos de actividade cara á CULTURA en xeral a á cultura galega en particular. E non podemos esquecer o saúdo nese número dedicado ás nosas "vodas de prata", á etapa máxica que marca ese 2001 que comeza: estreo dun novo ano, dun novo século e dun novo milenio.

Seguen as editoriais presentando as preocupacións que se palpan no ambiente e os "sufrimentos" dos que gobernan este navío, ou esta flota máis ben, a REVISTA e todo o que supón a ENTIDADE con todos os seus apartados. Agradecementos por unha banda pero tamén lembranza do que somos, facemos e temos: Biblioteca-Hemeroteca, publicacións varias, visuais e auditivas, cine, longametraxes e curtametraxes, teatro, tertulias, exposicións e a política permanente de PORTAS ABERTAS.

Comeza o ano 2002 co repaso dun panorama preocupante a todos os niveis, local, autonómico, España cun ambiente político-social enrarecido, Europa que se consolida e establece o euro como nova moeda case que xeral, e para o Mundo o retumbar esgazador do inesquecible 11-S.

E remata este ano 2002, converténdose nunha dramática MAREA NEGRA, CHAPAPOTE, ... A BURLA NEGRA, ... NUNCA MÁIS!

Seguen as referencias a os nosos XOVES TEATRAIS, tristemente desaparecidos, BATALLA DE BRIÓN, FERROL CIDADE DA ILUSTRACIÓN, con contidos e proxeccións para o futuro, aínda que temos que recoñecer que a denominación non acadou o éxito e a aceptación que creemos firmemente merece, mais se non hai apoios ...

O 2003 comeza cun repaso da actividade do ATENEO no eido do teatro, non imos repetir, pero si destaca un certo desafío e aviso a navegantes, seguimos no mar, nos navíos de papel e outras flotas ...

E no 2º trimestre de 2003, aínda que antes houbo nas revistas outras referencias, comeza realmente dende a EDITORIAL de ATENEA nº 12 unha liña de posición sobre a PLANTA DE GAS, con propostas, denuncias e ate previsións e alternativas. De momento estamos neso, bos desexos e moitas esperanzas.

Eleccións do 2003, eleccións 2004, logo do gadoupada frontal do 11-M segue unha serie, permanente, insistente, e sempre documentada e baseada na dura realidade, de editoriais claras, contundentes sobre o abuso que supón o avance da Planta de Regasificación en Mugardos.

Números 16, 17, 18, 19, 20, 21, media ducia de Editoriais que resulta fascinante reler: alternativas de ubicación, resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, chamamentos aos políticos, Xunta, apelacións ao Estado de Dereito, o cumprimento da legalidade, a defensa da vida, advertencia de que non se cumpren nin poden cumprirse as condicións impostas para o funcionamento da Planta, descuberta de mentiras, irregularidades e ilegalidades, pero NADA, ninguén responde, rebate ou incluso denuncia, O SILENCIO DELATA.

No número 22 falamos de globalización, no 23 un canto ao asociacionismo, no 24 voltamos á Planta con duras e contundentes acusacións igualmente sen resposta.

E xa nos últimos 25 a 29 centramos as nosas preocupacións nas convocatorias electorais, os seus resultados e as súas consecuencias para o funcionamento da nosa comunidade municipal que tantas fisuras ten e onde non se acaba de ver a luz.

Pero xa como preocupación inmediata as eleccións xerais para o primeiro trimestre do 2008 que está a chegar.

Cada cita electoral ten as súas circunstancias, os seus competidores e as súas campañas. Os electores imos sendo maioritariamente os mesmos, pero temos que afirmar que cada vez nos atopamos con máis dificultades para decidir, sobre todo os que non temos unha fidelidade definida, pois se vamos aos resultados da xestión, as decisións e cumprimentos programáticos quizabes temos que concluír que tanto ten ...... triste pero certo. FELICIDADE NESTE NOVO ANO 2008!

Ateneo Ferrolán






AS NOVAS INCORPORACIÓNS DA HEMEROTECA

PRENSA DIARIA: local, nacional e estatal

Diario de Ferrol · *La Voz de Galicia* · *De Lunsavenres* · *La Opinión de A Coruña* · *El País*
El Mundo · *El Correo Gallego* · *Galicia Hoxe* · *Faro de Vigo* · *A Nosa Terra* · *Público*



GALENTENDO. Nº 0
2007
Ed. Colectivo Galentendo



ANUARIO BRIGANTINO. Nº 29
2006
Ed. Concello de Betanzos
ISSN:1130-7625



RETRANCA. **REVISTA MENSUAL DE HUMOR GALEGO. Nº2**
Ed. Kiko e Juan Antonio Da Silva
ISNN:1888-1971

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.


Os usuarios e as usuarias da BIBLIOTECA tamén poden consultar os nosos fondos bibliográficos na seguinte dirección:
www.opacmeiga.rbgalicia.org

QUEREMOS AGRADECER ÁS SEGUINTES PERSOAS E INSTITUCIÓNS AS IMPORTANTES DOAZÓNS EFECTUADAS PARA A NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA:


ANPA do Instituto "Concepción Arenal" de Ferrol, Guillermo Llorca Freire, Eduardo Fra Molinero, Juan Prados e Jaume Rodon, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Concello de Narón, Familia Varela Cachaza



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA




Historia do instituto Concepción Arenal (I)
Bernardo Máiz Vázquez e Fermín Rico Peña
Ed. Embora
ISBN: 978-84-95460-68-4




Limpeza de sangue
Rubén Ruibal
Ed. IGAEM
ISBN: 978-84-9782-522-1




Teatro Popular. Irmandiñas. O parto de Calandrino. O converso de Ribadavia
Eduardo Fra Molinero
Ed. Soc. Cult. Valle-Inclán
ISBN: 978-84-95289-87-2



Cancionero Gallego
Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay
Ed. Fundación Pedro Barrié de La Maza
Edición Facsimilar
ISBN: 978-84-95892-59-1



Tumbos de la Catedral de Mondoñedo. Tumbo Pechado.
Transcripción integra de sus documentos
Enrique Cal Pardo
Ed. Deputación Provincial de Lugo
ISBN: 978-84-8192-378-0



ATLAS GENERAL DE ESPAÑA
y particular de sus cuarenta y nueve provincias. Tirado a dos colores. Con datos gegráficos, comerciales e industriales de cada provincia...
Ed. Bailly-Bailliere. Madrid, 1914

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

FILMOTECA

que conta hoxe con máis de 500 títulos... e sigue a medrar!



HISTORIAS DA NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA

30 ANOS DE HISTORIA (3)

Cando nos anos 70 o Ateneo comeza unha nova andadura, establece relacións coas máis importantes institucións; estas colaboracións serán mutuas, como se mostra neste artigo.

A relación que establece o Ateneo Ferrolán coa Dirección Xeral de Música en Madrid é de intercambio. A Dirección Xeral, a través do seu máximo responsable, D. JESÚS AGUIRRE, solicita a axuda do Ateneo para un novo proxecto, que verá a luz baixo o nome de ***"Música en España"***, para o que nos pide información sobre actividades ou propostas que se vaian realizar, xa que se trata de dar a coñecer as actividades musicais que se realicen, e o Ateneo Ferrolán, desde sempre, tivo e terá unha forte vinculación coa música.




En contrapartida, a Dirección Xeral envía dita publicación, cando a revista comeza a editarse.

Na magnifica Hemeroteca do Ateneo Ferrolán, seguimos conservando a revista, **todos os exemplares que se editaron**, pois segundo a información recollida na Biblioteca Nacional a súa publicación rematou en 1982.

Mostramos nestas páxinas a correspondencia mantida con Jesús Aguirre e tamén a portada dun dos exemplares da revista, que está –como toda a Biblioteca-Hemeroteca– a disposición da cidadanía.





Madrid, 13 de Noviembre de 1.978

Sr. Presidente del Ateneo Ferrolán
General Aranda, 81
EL FERROL (La Coruña)

Muy Sr. mío:

Esta Dirección General tiene el proyecto inmediato de editar un Boletín Informativo, de periodicidad en principio bimestral, que bajo el título "MUSICA EN ESPAÑA" refleje la vida musical de nuestro país.

Dentro de las diferentes secciones previstas, interesa resaltar ahora las de "Actividad Musical en España", "Convocatorias, Cursos, Concursos, Premios", "Las Asociaciones Informan" y "Publicaciones", que recogerán las distintas realizaciones concretas (Conciertos y recitales de toda índole, cursos, seminarios, cursos, convocatorias, premios, becas, conferencias, festivales y manifestaciones musicales, líricas y coreográficas, etc), que tienen lugar en las diferentes ciudades y que son promovidas por organismos, sociedades, asociaciones, compañías y empresas musicales, así como las realizadas directamente por los artistas españoles relacionados con la música (compositores, intérpretes, cantantes, bailarines, etc).

A tal efecto le ruego muy encarecidamente que, a la mayor brevedad posible, y en todo caso antes del 23 de Noviembre proceda a enviar al Gabinete Técnico de la Dirección General de Música, Planta 6ª, Ministerio de Cultura, un resumen sucinto de las actividades realizadas y previstas por Vd. durante los meses de octubre a diciembre de 1978, ambos inclusive.

En este resumen deberán constar, a ser posible, los datos referentes a fechas, lugares, obras y datos generales, de las distintas realizaciones por Vd. previstas o efectuadas.


....../......

- 2 -

Independientemente de este primer envío de información y dada la continuidad y periodicidad que se pretende tenga el Boletín, y el deseo de esta Dirección General de desarrollar al máximo los contactos con los centros y las personas directamente implicadas en nuestra cultura musical, mucho le agradeceré el envío continuado de toda información sobre cualquier acontecimiento musical que juzgue de interés para su publicación en el Boletín, cuya razón fundamental de ser, es la de servir a un mejor conocimiento y promoción de la música en nuestro país.

Agradeciéndole su colaboración, le saluda muy cordialmente,

Jesús Aguirre y Ortíz de Zárate.



Madrid, Febrero de 1.979

Querido Amigo:

Le adjunto el número cero del Boletín Informativo "MUSICA EN ESPAÑA". Como toda nueva iniciativa, este Boletín necesita nutrirse de los consejos, críticas y datos informativos que Vd. nos facilite.

Le ruego que, antes del próximo 10 de marzo, nos envíe todos los datos que Vd. considere de interés para insertarlos en el próximo número de "MUSICA EN ESPAÑA".

Le agradezco cuánta ayuda nos pueda prestar para que este Boletín sea útil a todos.

Jesús Aguirre y Ortíz de Zárate.

A REAL ACADEMIA GALEGA DEDICARÁ O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2008, AO INTELECTUAL GALEGUISTA XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ. A INSTITUCIÓN ACADÉMICA DESTACA A FACETA DE POLÍGRAFO DE ESTE INVESTIGADOR APAIXONADO POLA HISTORIA E A LITERATURA DE GALICIA.

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ SERÁ O NOVO HOMENAXEADO NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2008

Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 4 de febreiro de 1915 - Vigo, 1985) foi un escritor (poesía, narrativa e ensaio), arqueólogo, investigador, e editor galeguista. É un dos representantes da poesía neotrobadoresca. Será o homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008, o día 17 de maio.

Foi escritor de poesía, novela e teatro; investigou a literatura galega do pasado, o folclore e a prehistoria e foi o cofundador da primeira editorial no noso idioma. Son algúns dos méritos polos que Xosé María Álvarez Blázquez acaba de pasar a engrosar a listaxe dos homenaxeados no Día das Letras Galegas.

O Álvarez escritor

Premio finalista do premio Nadal de novela en 1944, premio "Historia" dos Xogos Florais de Vigo, premio de poesía do CEBA en 1954, premio de novela Pérez Galdós en 1955, premio de novela "López Cuevillas"... son algúns dos múltiples recoñecementos que Xosé María Álvarez Blázque recibiu pola súa prolífica obra literaria que arrincou en Pontevedra en 1932 co poemario "Abril". Despois chegarían obras como "Poesía do teu mencer" ou "Romance dos pescados peleriño". Poemarios que reivincaban un espazo popular e de ampla difusión que el tanto buscou para a lírica galega. E que resolveu con gran acerto que ata compositores como Rogelio Groba ou Freitas Braunio puxéronlle música ás súas letras.

Pero non foi o único xénero que cultivou. Como autor teatral escribiu "O zapato do cristal", que foi escenificado en Vigo o 2 de xaneiro de 1947, ou "Os pazos altivos", unha comedia en tres actos en verso que foi estreada en Xixón o 11 de xuño de 1947. Como novelista deixou títulos como "Os ruíns", "Una cabaña en el cielo" ou "A pega rabilonga e outras historias de tesouros".

O Blázquez comprometido

O seu compromiso con Galicia fica ben claro en todo o seu universo literario pero, non conforme con isto, en 1950 funda Edicións Monterrey, a primeira editora en lingua galega. Unha empresa que refunda en 1967 baixo o nome de "Castrelos" da que foi o seu director-xerente. Á fronte de Castrelos publica o primeiro best-seller da literatura galega "O catecismo do labrego" de Valentín Lamas Carbajal. Sería a obra que inaugurou a colección literaria "O moncho" coa lenda de "Libro de pobo para o pobo" que tivo moi boa acollida.

Entre as inquietudes de Xosé María estaba a arqueoloxía, que se plasma en descubrimentos como a serie de lendas sepulcrais da época romana en Vigo, das industrias paleolíticas do Baixo Miño e das Gándaras de Budiño, dos restos dunha instalación romana de obtención de aceite de oliva en Teis (Pontevedra) dunha cisterna con pezas funerarias da época de bronce en Atrios, tamén en Pontevedra.

Completa o perfil deste polifacético galeguista a súa relación cos medios de comunicación. A BBC de Londres, Radio Vigo xunto con cabeceiras de Galicia, Portugal e América convertéronse en altofalantes asiduos das súas ideas, as mesmas que espuxo en numerosas conferencias tanto en España como no estranxeiro. Agora, a Real Academia Galega, da que foi membro numerario, acaba de determinar que o 2008 sexa o seu ano. No que se recuperará abondoso material que permanece inédito, pequenos anacos que servirán para completar o crebacabezas deste intelectual que ten unha obra tan ampla como dispersa.



XOSÉ FONTENLA LEAL



FERROL A 27 DE NOVEMBRO DE 2007.- **A Xunta Directiva do ATENEO FERROLÁN, informada da apertura dun expediente informativo para a concesión do título de FILLO PREDILECTO DE FERROL a D. XOSÉ FONTENLA LEAL, MANIFESTA A SÚA CONFORMIDADE ao outorgamento de tal distinción porque é un recoñecemento moi merecido ao labor deste ferrolán pola súa contribución a nosa cultura, xa que foi o impulsor da Real Academia Galega e do Himno de Galicia**

Aínda que o himno galego se xestou en 1890, a súa posta de largo en sociedade prodúcese o 20 de decembro de 1907 no Teatro Nacional del Centro Gallego de La Habana, como peche a unha velada de homenaxe ao compositor da música, o mindoniense Pascual Veiga, falecido o ano anterior, organizada polo ferrolán Xosé Fontenla Leal, entón bibliotecario do centro galego habaneiro. Foi precisamente este emigrante quen máis fixo polo recoñecemento da peza de Veiga e Eduardo Pondal, xa que solicitou a súa adopción como himno da institución na que traballaba, editou a composición e distribuíu a partitura a bandas, orfeóns e centros culturais galegos por todo o mundo. Por fin, en torno a 1913 comeza a interpretarse en Galicia de maneira habitual.

A atribución non é tanxencial. Hai que ter en conta que antes de que se producise tal aceptación, a finais do século XIX houbo outras pezas que acadaron unha vida máis ou menos efémera que se tiveron por himno nalgún momento. Tal é o caso do Himno galego, de Andrés Muruais e Felipe Paz Carvajal; ¡Galicia!, de Galo Salinas e Varela Silvari; ou Casta dos celtas, de Luis Taibo e Alfredo Brañas, que ben puideron terse imposto no camiño.

O compoñente de azar non remata nin sequera co teimudo empeño de Veiga. Aproveitando o seu momento de popularidade como director tras lograr en 1889 a medalla de ouro na Exposición Internacional de París co Orfeón número 4 de La Coruña, insta ao Concello coruñés a promover un gran concurso no que se premiará a mellor composición de Marcha Regional Gallega para o poema *Os pinos*, que Eduardo Pondal lle remitira a Veiga, dando así resposta a unha petición persoal desde a súa residencia en Ponteceso (ambos corrixirían posteriormente a acentuación para mellorar a musicalidade dos versos). Un xurado con base en París elixe a peza do catalán Iván Gotós de entre as dez presentadas. Non obstante, nunca chegará a ser interpretada, a pesar de que o festival se celebrou en agosto de 1890.

Si será interpretada, aínda que máis tarde, a do propio Veiga, que xa antes requirira a colaboración de Juan Montes para a música, e tras varios intentos colle ao fin o touro polos cornos e ponse a traballar sobre a partitura, aínda que non a presenta a concurso porque el mesmo ocupa a presidencia do certame coruñés. Segundo unha investigación de Fernando López Acuña, Veiga a interpretará despois en varias ocasións durante a súa estancia na capital madrileña, co Orfeón del Centro Gallego de Madrid, que el dirixía.

En todo caso, e de aí a importancia clave da figura do ferrolán Fontenla Leal, non será ata aquel simbólico 20 de nadal de 1907 (finado xa Veiga) cando o himno toma corpo. A interpretación da peza pola Banda de Policía de La Habana no Teatro Nacional del Centro Gallego da capital



cubana cambia o rumbo da historia e canoniza a súa natureza. As demais cancións aspirantes a himno quedan postergadas co posterior labor de Fontenla Leal para espallar os sons de Veiga e Pondal.

Dende entón, *Os pinos* superou toda sorte de avatares, dende a súa interpretación na Coruña ante un Franco posto en pé, no exilio do Teatro Colón de Bos Aires, ou no acto de constitución da Xunta pre autonómica en 1978, ata os intentos de corrixir o texto do bardo de Ponteceso, ou as polémicas sobre o termo nazón na frustrada reforma do Estatuto ou pola súa entrada como canto nas escolas.

Hoxe ninguén discute unha «nazón de Breogán» que naceu no Caribe, na capital de Cuba, nun dos corazóns da emigración galega.

OS PINOS

(Parga Pondal)

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais sóo os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.





150 ANOS DA CONCESIÓN DO TITULO DE CIDADE Á VILA DE FERROL

Desde hai uns días lémbrase na prensa un feito importante na nosa de Ferrol, como é que neste ano 2008 celébranse os 150 anos da concesión do titulo de cidade á Vila de Ferrol. Pode parecer este acontecemento algo anecdótico, pero non está de máis celebrar as cousas boas, sobre todo si se fan entre todos.

Montero Aróstegui lembra perfectamente os feitos acontecidos entón.

En setembro de 1858 S.M. a raíña Isabel II ven a Ferrol, neses días:

"El Ayuntamiento de Ferrol, acude a... V.M.con una suplica que considera de justicia..."

Esa petición é que se lle conceda ao pobo de Ferrol o título de cidade e ao seu Alcalde e Concello o tratamento de Señoría Ilustrísima, que de feito xa se lle dá, pero que non se pode presentar ningún papel que o acredite xa que pensan que se perdeu do arquivo municipal durante a invasión francesa. A esta petición vaise unir tamén a Xunta de Comercio.

O relato de José Montero resulta moi interesante polas alegacións que presentan, tanto o Concello, como a Xunta de Comercio para soster a petición.

Na representación presentada a S.M., o l4 de Setembro de 1858 faise un breve percorrido pola historia de Ferrol e os méritos conseguidos destacando a defensa contra os ingleses en 1800 e a invasión francesa en 1809, con todas as dificultades que carreou á poboación.

Pero a petición é algo máis que a concesión dun título, é unha exposición dos problemas que atravesa a Vila e o departamento marítimo e pola Xunta de Comercio se aproveita a ocasión para reseñar esta situación, por exemplo :

"...al lado de esos soberbios arsenales que V.M. admira,en una población esencialmente artística y marítima,no existen hoy mas establecimientos de educación que las escuelas de instrucción primaria..."

Resulta curioso ler na alegación do Concello, unha das razóns que expoñen para solicitar a concesión do título de cidade e o tratamento de ilustrísima; e é que creen que son algo máis que un simple termo municipal, pois a diferenza doutras capitais, Ferrol é Departamento naval; isto leva implícito, e é fácil de ver, unha loita de poder entre as autoridades civís e as militares.

Expón o concello, que no trato coa máis alta xerarquía militar soen producirse conflictos, e que como representantes do poder Real deben ter incluso un maior tratamento que o dos xefes militares de maior graduación; para ilo citan a situación dada en 1844, naquel entón era alcalde de Ferrol un dos políticos coa carreira máis brillante durante o reinado de Isabel II, Saturnino Calderón e Collantes, que no momento da petición é Ministro de Estado, e que sempre mostrou un grande interese por Ferrol e posiblemente influíu na decisión.

A visita da Raíña a Ferrol, foi todo un éxito. Montero Aróstegui na súa historia de Ferrol deixa constancia diso e de como se resolveu a petición.

Por un bando de Alcaldía, o 19 de outubro de 1858, o Alcalde Ramón de Ocampo facía saber que a Raíña, en atención ás razóns expostas, concedía á Vila de Ferrol o título de cidade e o tratamento de Señoría Ilustrísima ao seu Concello, está firmado el 13 de outubro de 1858. Quedaba así de manifesto, unha vez más, a profunda vinculación da Cidade de Ferrol coa Coroa.

Este outono, Ferrol, toda a cidade e todos seus habitantes o teñen que celebrar.

«O 19 de outubro de 1858, o Alcalde Ramón de Ocampo facía saber que a Raíña concedía á Vila de Ferrol o título de cidade e o tratamento de Señoría Ilustrísima ao seu Concello.»



GAÑADORA DO PREMIO DE NARRATIVA «TORRENTE BALLESTER»

[15/11/2007]

A CHOIVA DO MUNDO

de

José Manuel Pacho Blanco

J. M. PACHO BLANCO

A CHOIVA DO MUNDO

O avogado e profesor de Dereito, Xosé Manuel Pacho Blanco, coa súa obra «A choiva do mundo», foi o gañador da **XIX EDICIÓN DO PREMIO DE NARRATIVA GONZALO TORRENTE BALLESTER**, convocado pola Deputación da Coruña, e dotado con 25.000 euros, ademais da publicación do texto.

O xurado decidiu por unanimidade conceder o premio de narrativa "Torrente Ballester" á obra "A choiva do mundo" por constituír "unha aposta literaria de vangarda na construción dun texto extraordinariamente rico na súa forma de mosaico fragmentario que se sitúa na superación dos xéneros literarios", segundo se fai constar na acta.

O premio Torrrente Ballester é un referente no panorama dos certames literarios españois, e segundo algúns críticos, sitúase entre os tres primeiros.

A participación rexistrada foi elevada, alcanzándose nesta ocasión os 300 orixinais, dos que 23 son en galego e os restantes 273 en castelán.

Os textos presentados proceden de 18 países. España, Colombia, Estados Unidos, Arxentina, Chile, Suecia, Israel, Alemaña, Inglaterra, Venezuela, Uruguai, Francia, México, Canadá, Guatemala, Suíza, Perú e Panamá, segundo os datos facilitados polo presidente da Deputación da Coruña, que definiu a novela "A choiva do mundo", como a "obra máis vangardista en galego".

Análogos argumentos utilizou o crítico literario Angel Basanta que actuou como voceiro do xurado. Basanta cualificou a obra de José Manuel Pacho Blanco como "unha aposta literaria de primerísima magnitude. O amor, o desamor, a morte, a tolemia están presentes na obra,nun galego cosmopolita. Utiliza como fío condutor os grandes temas de sempre para reflexionar sobre a complexidade do ser humano".

"É un texto que supón unha aposta literaria extraordinaria", insistiu Angel Basanta, para quen "é unha novela que dará que falar, unha novela de temática galega de sempre, pero levada ao mundo". Definiu tamén a obra como de "audacia vangardista".

O xurado do premio Torrente Ballester estivo presidido polo titular da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, e deste formaron parte a deputada provincial e responsable da área de Cultura, Caridad González Cerviño, ambos sen voto, e polos críticos literarios Mercedes Monmany (comisaria do premio), Ángel Basanta, Amalia Iglesias, Ignacio Martínez de Pisón, José Mª Paz Gago, José A. Ponte Far e José Manuel Pozuelo Yvancos.



ACTO REIVINDICATIVO DA AVV FERROL VELLO E DA COMISIÓN CIDADÁ POLA RECUPERACIÓN DE FERROL VELLO

Co fin de reclamar da administración municipal a cualificación como zona verde pública das parcelas diante do adro de San Francisco, e así evitar o dano irreparable que suporía a construcción dun edificio de baixo e tres alturas neste espacio tan significativo para a cidade, a Comisión pola recuperación de Ferrol Vello e a A.vv. de Ferrol Vello convocaron un acto reivindicativo.

O plan xeral de ordenación urbana, e a propia lei de Ordenación Urbanística de Galicia, permite a modificación do planeamento unha vez transcorridos catro anos a contar dende a súa entrada en vigor (neste caso a contar dende xaneiro de 2001).

Atendendo a este precepto, e co fin de converter estes tres solares en zona verde, o Pleno da Corporación Municipal acordou o 30 de xuño de 2005 a suspensión de outorgamento de licencias durante un ano, prorrogable sempre e cando nese período se producira a aprobación inicial desta modificación.


Posteriormente esta resolución foi ratificada por unanimidade de tódalas forzas políticas polo pleno da Corporación o día 27 de Xullo de 2006, a iniciativa de EU-IU, no marco dunha moción de dez medidas para a recuperación de Ferrol Vello.


Esta suspensión de licencias entrou en vigor o día da súa publicación no DOG (15 novembro de 2005) e, polo tanto, caduca o 15 de novembro de 2006. De non terse aprobado inicialmente a modificación puntual no prazo dun mes, non se podería prorrogar a suspensión de licencias e os propietarios poderían construír aproveitamento que o plan hoxendía lles outorga. Esto xeraría un dano irreparable na imaxe da cidade, prexudicando sen remedio o papel de mirador sobre os Arsenais e a ría que hoxendía teñen os Xardíns de Herrera e o Adro de San Francisco e alterando profundamente a escala do barrio de Argüelles nas rúas Cruz e Virxe.

Aclarar que a conversión destes solares en zona verde non supón inicialmente máis gasto que a publicación do anuncio no DOG, xa que logo non sería necesario expropiar os terreos ata dentro de catro anos. Ademais a expropiación resultaría máis económica despois da modificación (como zona verde) que antes da modificación (como terreo edificable), e o prezo dos terreos non superaría en ningún caso os 200.000 euros (tendo en conta os valores catastrais de referencia vixentes).


Dende a Comisión Pola Recuperación de Ferrol Vello e a Avv. de Ferrol Vello pensamos que o barrio non necesita máis vivenda nova, e si rehabilitar a vivenda hoxe baleira e xerar novos espacios de lecer para os seus habitantes.

Só dende o desprezo polo interese público xustifícase a non tramitación desta modificación puntual. Chama a atención a celeridade ca que se tramitan e aproban outras modificacións moito máis complexas como a correspondente a Fábrica de Lápis (Parcela Hispania), onde si están en xogo importantes intereses privados.













A RETRANCA CHEGA AOS QUIOSCOS !!!



OS GALEGOS POR FIN TEÑEN RETRANCA!!!

Preséntase **Retranca**, unha revista que aposta por recuperar o humor galego co lema «lerasnos de morto se non nos les de vivo».

A partir do mes de novembro os galegos e galegas teremos unha cita mensual co sorriso nos nosos quioscos. Esta nova revista chega ao mercado disposta a recuperar a longa tradición humorística galega e conta coa Santa Compaña coma Mascota, baixo o lema «Lerasnos de morto se non nos les de vivo». O feísmo é o tema principal do primeiro número desta publicación, que agasalla os lectores cunha foto do rei «que espertará as paixóns máis ardentes», advirte o envoltorio.

A Kiko da Silva, director e promotor do proxecto, súmanse nestas páxinas auténticas estrelas como son as firmas de Manuel Rivas e Miguelanxo Prado. Canda eles, autores xa coñecidos dos xornais galegos coma Xaquín Marín, Pinto e Chinto, Kohell, Leandro, Luís Davila ou Andrés Meixide. Alberto Guitián, Jacobo Fernández ou os colectivos Pestinho+1 e Reizentolo, entre outros son algúns dos colaboradores galaicos do proxecto. Desde fóra do país achegan a súa ollada os coñecidos Idígoras & Pachi ou Mel, coñecidos polas súas colaboracións en El Mundo ou El Jueves.

A iniciativa parte do humorista gráfico e ilustrador Kiko da Silva, e quere ocupar un espazo ata agora descoidado nas bancadas. «Hoxe en día non hai ningunha publicación dedicada a nos facer rir de nós mesmos en Galicia», explica, «e coa tradición de humor que temos, con nomes coma Castelao, Fernández Flórez, Julio Camba, Siro ou Pepe Carreiro non é de crer que non haxa público». Da Silva xa leva anos a traballar no campo da edición co proxecto BD Banda revista de cómic que verá en breve o seu segundo número e que xa foi galardoada en diferentes eventos dedicados á novena arte.

Xa sabedes... LERASNOS DE MORTO SE NON NOS LES DE VIVO!!!



O ATENEO FERROLÁN FORMA PARTE DA REDESTREAS



Presentación da REDestreas da Axencia Audiovisual Galega

O PASADO MES DE NOVEMBRO TIVO LUGAR A PRESENTACIÓN DE **REDestreas** EN PONTEVEDRA, UNHA INICIATIVA DA AXENCIA AUDIOVISUAL GALEGA PARA ESTABLECER UNHA MALLA PERMANENTE DE ESPAZOS PARA PODER FACER ESTREAS DE PRODUCIÓN AUDIOVISUAL DE CURTAMETRAXES, DOCUMENTAIS OU PRODUCIÓN ALTERNATIVA.

A presentación correu a cargo do coordinador da Axencia Audiovisual Galega, Manuel González e da Concelleira de Cultura de Pontevedra Lola Dopico. Pontevedra é unha das grandes cidades que se sumaron a esta iniciativa xunto á Coruña, Ourense, Santiago de Compostela, Vigo, Ferrol e Cambados.

Así a Axencia Audiovisual Galega crea este servizo de apoio ás estreas de curtametraxes, documentais ou longametraxes sen distribución comercial. Esta rede de espazos permitirá que un filme destas tipoloxías se presenten nalgúns dos núcleos urbanos máis importantes de Galicia coa repercusión que iso significa.

Este servizo de **REDestreas** vén a cubrir unha demanda que tiñan os responsábeis dos proxectos audiovisuais galegos que non tiñan un lugar axeitado para facer a primeira presentación ante os espectadores. Desta maneira, garantindo a posibilidade de estreas nas principais cidades de Galicia cada produción se asegura certo público e certo eco nos medios de comunicación.



A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DENUNCIA O ESTADO DA NOSA LINGUA

En doce anos, o galego pasou de ser a lingua inicial do 60% dos galegos a selo só do 20%. Só o 1,6% dos ferroláns menores de 25 anos tiveron o galego como primeira lingua.

A Mesa reclámalle ao bipartito a plena aplicación do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega nesta lexislatura, "para deter esta sangría"

A Mesa pola Normalización Lingüística analiza "con suma preocupación" as estatísticas publicadas recentemente sobre a lingua inicial en Galiza, que sinalan que o galego pasou de ser o primeiro idioma dun 60,3% dos galegos en 1992 a ocupar a posición minoritaria, do 20,6%, no ano 2004. A situación nas cidades é especialmente grave. Por exemplo, só ao 1,6% dos ferroláns e ao 4,3% dos vigueses faláronlles os seus pais en galego.

Estes datos proceden dos inquéritos realizados polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega para elaborar o segundo volume do Mapa Sociolingüístico de Galiza, financiado pola Presidencia da Xunta a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Carlos Callón, agarda que "estes datos estarrecedores sirvan para mover á reflexión de todos os galegos e galegas, pois de todas e todos nós depende que o galego siga vivo".

> Carlos Callón:
> "O galego está na peor situación de toda a súa historia, porén a batalla non está perdida"



Singularmente, o dirixente da Mesa chama á responsabilidade dos poderes públicos, para que "fagan unha política lingüística seria, que garanta o dereito a vivir con normalidade en galego". "As estatísticas son contundentes: O galego está na peor situación de toda a súa historia, porén a batalla non está perdida. O galego pode revitalizarse se se toman as medidas para iso."

Desde A Mesa sinálase como obxectivo concreto que o goberno bipartito da Xunta de Galiza dea "pleno cumprimento nesta lexislatura" ao Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, que se aprobou por unanimidade en 2004 e que, segundo a organización cidadá en defensa da lingua, "aínda case non se desenvolveu". "Só poderemos deter esta sangría se se toman as medidas para deter as discriminacións ou vulneracións de dereitos lingüísticos contra as persoas que queren vivir en galego e no Plan Xeral do Parlamento hai medidas concretas para que a situación poida mudar".

ALGA PROGRAMACIÓN CURSO 2007-08

UNHA COMUNIDADE ABERTA PARA UNHA CIENCIA APLICADA AO SERVIZO DO COMPROMISO SOCIAL

CICLO DE CONFERENCIAS: "CULTURA E SOCIEDADE NUN MUNDO GLOBAL"

19 de decembro	Facultade de Socioloxía, Campus de Elviña, A Coruña	Ás 12 horas

"O laberinto africano: dimensións do problema a través do exemplo de Mozambique"
XESÚS PÉREZ MARTY
(antropólogo africanista, técnico da AECI en Mozambique e membro de ALGA-Mozambique).

17 de xaneiro	Ateneo Ferrolán, Ferrol	Ás 18 horas

"Sistemas Sexo/Xénero "matriarcais": os Bijagós (Guinea Bissau) e os Zapotecas (México)"
ÁGUEDA GÓMEZ SUÁREZ
(socióloga, Universidade de Vigo, membro de ALGA).

25 de xaneiro	Facultade de Humanidades, Campus de Esteiro, Ferrol	Ás 18 horas

"Os outros xéneros: 'panleiru' e 'bermanek'. Homosexualidade masculina e femenina tradicionais na Cultura de Timor Leste"
DOMINGAS DA COSTA SOARES
(Universidade Nacional de Timor-Leste, economista e Delegada de ALGA-Timor).

3 de marzo	Ateneo Ferrolán, Ferrol	Ás 18 horas

"O drama actual dos refuxiados en Timor. Unha realidade pouco coñecida"
ALBERTO FIDALGO CASTRO
(Universidade da Coruña, antropólogo e membro de ALGA).

12 de marzo	Facultade de Humanidades, Campus de Esteiro, Ferrol	Ás 18 horas

"Familia, muller, sexo e xénero. Confusións, contradiccións, polémicas"
MARÍA XESÚS PENA CASTRO
(antropóloga, profesora da Universidade de Salamanca e Presidenta de ALGA).

18 de abril	Facultade de Humanidades, Campus de Esteiro, Ferrol	Ás 18 horas

"Matrimonio, familia, parentesco e diversidade cultural"
ESTHER LÓPEZ LÓPEZ
(directora do colexio público Canosa Rusa de Coristanco, antropóloga e membro de ALGA).

25 de abril	Ateneo Ferrolán, Ferrol	Ás 19 horas

"O 25 de abril e a revolución dos cravos na conciencia das novas xeneracións portuguesas"
HUMBERTO MARTINS
(antropólogo, profesor da UTAD -Universidade de Trâs-Os-Montes e Alto-Douro-).

ALGA Antropoloxía Aplicada

ASOCIACIÓN LUSO-GALEGA DE ANTROPOLOXÍA APLICADA
Facultade de Humanidades - Rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n, 15403 Ferrol (A Coruña)
www.anthroponet.org – alga@anthroponet.org



MARTES DE CINE

XANEIRO
A CENSURA E O CINE ESPAÑOL



Día 8: ***SURCOS*** **de José A. Nieves Conde (1951)**
Intérpretes: Luis Peña, María Asquerino, Francisco Arenzana. **Duración:** 89min. **Sinopse:** A familia Pérez trasládase dende o campo a Madrid coa esperando mellorar a súa vida. Pero a cidade tampouco lles ofrecerá unha vida máis fácil.



Día 15: ***EL VERDUGO*** **de Luis García Berlanga (1963)**
Intérpretes: José Isbert, Nino Manfredi, Emma Penella, J.L. López Vázquez. **Duración:** 87 min. **Sinopse:** Jose Luis está namorado de Carmen, filla de Amadeo, un administrador de xustiza, que parece ter solucións para todo.



Día 22: ***DIARIO DE UNA CAMARERA*** **de Luis Buñuel (1964)**
Intérpretes: Jeanne Moreau, Michel Piccoli, Georges Géret, Françoise Lugagne. **Duración:** 97 min. **Sinopse:** Historia dunha doncela que entra a traballar nunha familia da aristocracia.



Día 29: ***EL CRIMEN DE CUENCA*** **de Pilar Miró (1979)**
Intérpretes: Amparo Soler Leal, Héctor Alterio, Fernando Rey, Daniel Dicenta. **Duración:** 92 min. **Sinopse:** En 1913, Gregorio Valero e León Sánchez, amigos e veciños de Osa de La Vega (Cuenca) son detidos como autores da morte de José María Grimaldos, pastor de oficio e compañeiro daqueles.

XANEIRO
CICLO CINE ITALIANO



Día 12: ***LADRÓN DE BICICLETAS*** **de Vittorio de Sica (1948)**
Intérpretes: Lamberto Maggiorani, Enzo Staiola, Lianella Carell, Gino Saltamerenda. **Duración:** 88 min. **Sinopse:** Na Roma da posguerra, un obreiro en paro consegue un sinxelo traballo pegando carteis a condición de que teña unha bicicleta.




Día 19: ***BELLÍSIMA*** **de Luchino Visconti (1951)**
Intérpretes: Anna Magnani, Walter Chiari, Tina Apicella. **Duración:** 110 min. **Sinopse:** O director Alessandro Blasetti está facendo un casting nos estudos Cinecitta para elixir a unha nena que actuará na súa nova película. Maddalena Cecconi está disposta a facer calquera cousa para que a súa filla María chegue ao máis alto.



Día 26: ***MAMMA ROMA*** **de Pier Paolo Pasolini (1962)**
Intérpretes: Anna Magnani, Franco Citti, Ettore Garafalo. **Duración:** 110 min. **Sinopse:** Mamma é unha prostituta romana que soña cun benestar pequeno-burgués.


MARZO
CICLO DIRECCIÓN MULLER



Día 4: ***LA PIEL*** **de Liliana Cavani (1981)**
Intérpretes: Claudia Cardinale, Burt Lancaster, Marcello Mastroianni. **Duración:** 130 min. **Sinopse:** Nápoles, 1943. A cidade acaba de ser liberada polas tropas americanas nunha época na que ninguén sabe cando acaba a guerra nin onde empeza a paz.



Día 11: ***LAS VÍRGENES SUICIDAS*** **de Sofía Coppola (1999)**
Intérpretes: James Woods, Kathleen Turner, Kirsten Dunst. **Duración:** 97 min. **Sinopse:** Nos anos setenta, nun tranquilo barrio dunha cidade de Estados Unidos vive a familia Lisbon, dous autoritarios e rectos pais con cinco fermosas fillas que provocan os desexos de todos os mozos da zona.



Día 18: ***POR RUMBAS Y A LO LOCO*** **de Martha Coolidge (1997)**
Intérpretes: Jack Lemmon, Walter Matthau, Dyan Cannon. **Duración:** 104 min. **Sinopse:** Charlie é un xogador nato que goza co xogo e vive permanentemente en bancarrota. Tras un novo fracaso, convence ao seu cuñado para embarcar nun cruceiro e poder conseguir os favores dunha muller adiñeirada.



Día 25: ***HOLA, ¿ESTÁS SOLA?*** **de Icíar Bollaín (1995)**
Intérpretes: Alex Angulo, Antonio de la Torre, Arcadi Levin. **Duración:** 90 min. **Sinopse:** A historia dunha viaxe e unha amizade entre dúas mozas, Niña e Trini, ambas cun pasado precario de afecto, un presente sen nada que perder, e un futuro tan aberto como elas queiran.

As proxeccións terán lugar todos os MARTES ás 19 h. no salón de actos do Ateneo Ferrolán.
PRÉGASE PUNTUALIDADE



EXPOSICIÓNS:

Ate o 15 de xaneiro:
(Para socios e socias do Ateneo Ferrolán)
(1ª Planta):
IV EXPOSICIÓN PEQUENO FORMATO ARTES PLÁSTICAS.

Do 10 ao 30 de xaneiro:
Gravados

Do 4 ao 16 de febreiro:
Colectiva 3 artistas

Febreiro:
EXPOSICIÓN COOPERACIÓN CON LATINOAMERICA
(1ª Planta)

Do 14 ao 31 de marzo:
Pinturas de GUILLERMO BAAMONDE

CICLO CONFERENCIAS: CULTURA E SOCIEDADE NUN MUNDO GLOBAL

17 de XANEIRO ás 18 horas
3 de MARZO ás 18 horas
25 de ABRIL ás 19 horas
(REVOLUCIÓN DOS CARAVEIS)

ORGANIZA ALGA (Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada)

PRESENTACIÓN LIBRO PCG

17 de XANEIRO ás 20,30 horas

DÍA DA PAZ

30 de XANEIRO ás 18 horas

MARATÓN DE LECTURA



CLUB DE LECTURA

Tódolos primeiros
Martes de cada mes
8 de xaneiro
12 de febreiro
4 de marzo

ás 19,30 horas

Encontros coa LECTURA. Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro nos locais do Ateneo.



Todos os **MÉRCORES** TERTULIA ás 18 horas.

Todos os últimos **XOVES** de cada mes
AMICOR ás 20 horas


SÁBADO 5 DE XANEIRO

A partires das 12 da mañá ate o remate.

SESIÓN VERMÚ con música en directo no Ateneo
Organiza: Colectivo OPAII e ATENEO FERROLÁN

EXPOSICIÓN PERMANENTE
FONDOS PROPIOS VARIOS ARTISTAS:

Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juana Prieto, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena, Luis Jaime, Juan Galdo, Spella Trobec, Juana Prieto, Luis Rapela, Alba Leal entre outros moitos



ATENEO FERROLÁN
A SÚA HISTORIA

O ATENEO fúndase no ano 1879 coa denominación de ATENEO ARTÍSTICO, CIENTÍFICO E LITERARIO DE FERROL.

Cunha Xunta Directiva formada maioritariamente por persoal civil, médicos, xornalistas e escritores, con ao redor de medio centenar de socios/socias comeza a súa andaina esta Sociedade Cultural co obxectivo de "ampliar os coñecementos dos seus compoñentes e difundilos entre as clases populares, elevando o seu nivel intelectual e familiarizándoas cos modernos ideais da ciencia e a arte".

Non faltaron, desde os primeiros momentos, discrepancias, controversias e enfrontamentos, un dos cales, cun socio- Director dun diario local- transcendeu máis aló da cidade e ata do país, chegando a ser comentado no "The Daily News" de Inglaterra, pois o conflito pasou dunha cuestión persoal e interna do ATENEO a pór en xogo algo tan sensible como a liberdade de prensa.

A non superación deste conflito provocou un decaimento importante das actividades da Sociedade e a súa precipitada desaparición un mes antes de cumprirse un ano do seu nacemento.

> «Esta entidade cultural naceu coa finalidade de ampliar os coñecementos dos seus compoñentes e difundilos entre as clases populares, elevando o seu nivel intelectual e familiarizándoas cos modernos ideais da ciencia e a arte.»

En 1903 un grupo de 90 persoas acoden a un chamamento para fundar novamente o ATENEO, o que subscriben soamente 71. A finais dese mesmo ano unha reunión de 100 persoas debate os fins desta institución. Ao final só unhas 15 persoas serán os verdadeiros impulsores da Sociedade cuxos obxectivos principais quedaron así definidos:

1º) Conseguir un ATENEO estable, permanente, institucional e do pobo.

2º) Conseguir unha comunicación intelectual de clase burguesa e proletaria.

3º) Conseguir un Centro de espírito de tolerancia e palabra libre, onde se pense en voz alta con elevación de ideas e fondura de sentimentos.

De 1903 a 1906 a actividade principal do ATENEO céntrase nas Conferencias que imparten socios e non socios e que alcanzan a cifra de 50/60 durante cada un deses catro anos. A partir de 1907 a actividade vaise reducindo ata chegar a menos de media ducia nos últimos tres anos 1913, 14 e 15.

Alcanzaron gran difusión e moi boa acollida os ANUARIOS publicados polo ATENEO coas conferencias e debates producidos ao longo do curso.

É de destacar a homenaxe que o ATENEO FERROLÁN dedicou en 1905 a CERVANTES con motivo do trescentos aniversario da publicación do QUIXOTE, consistente en dúas veladas literarias e a publicación dun folleto cos traballos presentados.

Cunha actividade cada vez máis reducida e un recoñecemento de non avanzar na consecución dos seus obxectivos o ATENEO DE FERROL pecha as súas portas a finais de 1917 por segunda vez.

Coincidindo co languidecemento do ATENEO CIENTÍFICO, ARTÍSTICO E LITERARIO de FERROL, xorde nos anos 1914 e 1915 un ATENEO SINDICALISTA que se nutre de distintas colectividades obreiras constituídas ao redor do socialismo, sindicalismo e anarquismo.

A actividade máis destacada deste ATENEO foi a celebración dun CONGRESO INTERNACIONAL a favor DA PAZ, organizado por iniciativa do ATENEO LIBERTARIO DE XIXÓN.

É interesante apuntar o manifesto-convocatoria deste Congreso:

O ATENEO SINDICALISTA DE FERROL (ESPAÑA)", pequeno en número pero grande en ideais de redención humana, convoca a un Congreso Internacional a socialistas, sindicalistas, anarquistas e organizacións obreiras do mundo, para discutir a seguinte orde do día:


1º) As medidas máis rápidas para terminar a actual guerra europea.

2º) Nova orientación a seguir en adiante, para evitar tales crimes de lesa humanidade.

3º) Desarmamento xeral dos exércitos permanentes.

O Congreso foi torpedeado e abortado polas autoridades. Os 36 delegados internacionais que







1ª Asemblea de socios e socias do Ateneo Ferrolán e nomeamento da primeira Xunta Directiva no ano 1976

iniciaban as sesións xunto coa maioría dos asistentes foron detidos e os delegados deportados.

A Comisión organizadora recibiu numerosas adhesións de Europa e América, ata dos países en conflito.

Non queda constancia da continuidade do ATENEO SINDICALISTA máis aló de 1915.

Ata 1931 non se recupera a actividade ateneísta en Ferrol. A chegada da República supón un revulsivo social e prodúcese un esplendor cultural xeneralizado. Só en ASTURIAS localízanse 79 Ateneos.

En 1931, terminada a Ditadura de Primo de Rivera, un grupo de personalidades locais e antigos ateneístas deciden recuperar o ATENEO FERROLÁN "como centro de divulgación artística, científica e literaria, con miras exclusivamente ao cultivo intelectivo, de expansión cultural ..." A actividade principal céntrase en conferencias e debates abertos a todo tipo de temas, relixiosos, políticos, sociais, etc.

É de destacar a retirada en masa do sector católico, que reduce á metade o número de socios do ATENEO.

A pintura, a colaboración con outras Entidades, a acollida a todo tipo de actividades culturais na súa sede, son os acenos de identidade do ATENEO FERROLÁN que neste período apenas ten problemas ou detractores, salvo o abandono dos católicos por rexeitamento aos debates sobre relixión que se celebran.

Nos anos 1934 a 1936 temos que apuntar a curta pero intensa existencia dun ATENEO no barrio máis antigo da cidade, o ATENEO CULTURAL DE FERROL VELLO. Chegou a manter un cadro artístico que realizou representacións teatrais no mellor teatro da cidade.

O Alzamento Militar de 1936 acabou cos dous ATENEOS existentes en FERROL nesas datas manténdose pechado os 40 anos da ditadura.

* * *

En 1976 recupérase o que ata hoxe se denomina ATENEO FERROLÁN.

Restablecidas as liberdades coa morte do ditador en 1975, un grupo de ferroláns que xa viñan desenvolvendo actividades culturais aproveitando ao máximo a Lei de Asociacións vixentes, a través da *Asociación Ferrolana de Cine-Club*, ou de *Antigos Alumnos do Instituto*, aborda a recuperación da Sociedade baixo a actual denominación ATENEO FERROLÁN, feito que se produce no clima de efervescencia democrática e política no ano 1976, sendo nomeado Presidente Fernando Álvarez Bouza, despois de consensuarse unha candidatura "neutra" para evitar confrontacións ou protagonismos dos partidos políticos emerxentes.

Nesta última etapa, a **cuarta,** a máis longa na vida do ATENEO, tivo ao fronte da Entidade os seguintes Presidentes:

- 1975-1977 Fernando Álvarez Bouza, xa citado.
- 1977-79 Natalia Lamas, pianista.
- 1979-80 Xaime Quintanilla Rico, médico.
- 1980-83 Angel Teijeiro, licenciado e Senador.
- 1983-84 Fernando Márquez Gallego, médico.
- 1984-87 Jesús Porta Dovalo, avogado.
- 1987-89 Guillermo Llorca Freire, historiador.
- 1989-90 Alvaro Espilla Díaz, libreiro.
- 1990-95 Luis Calvo Teijo, delineante.
- 1995 - Eliseo Zaera Ríos, enxeñeiro Técnico Naval **(Presidente na actualidade)**

Os Estatutos do Ateneo Ferrolán foron aprobados, como modificación dos de 1931 o día 28 de xuño de 1985, e no mes de abril de 2004, aprobouse a adaptación á normativa actual.

Grazas á constancia e ao empuxe dos socios e socias e coa importante colaboración do Concello, do M.O.P.U., de Caixa Galicia e do arquitecto

«Restablecidas as liberdades en 1975, un grupo de ferroláns que xa viñan desenvolvendo actividades culturais aborda a recuperación da Sociedade baixo a actual denominación ATENEO FERROLÁN.»

D. Alfredo Alcalá Navarro, en 1986 inaugúrase a sede social do ATENEO FERROLÁN no número 202-204 da rúa Magdalena, espléndido edificio do século XVIII (1762; trátase dun dos edificios máis representativos do Barrio da Magdalena. Os seus balcóns de ferro forxado, de gusto rococó, son o elemento decorativo e expresivo do elevado rango desta edificación. Magnificamente restaurado e habilitado para albergar a sede social dunha das institucións culturais máis antigas da cidade de Ferrol e para o desenvolvemento das súas actividades culturais dentro do histórico *Barrio da Magdalena*.

Nos anos 80 alcanzou os 1200 socios/socias e realizou actividades destacadas, recuperando o estilo e obxectivos identificativos dos ATENEOS. Unha sutil e firme sensibilidade dos socios e socias desta entidade actuou en momentos críticos, abortando e superando situacións que non respondían axeitadamente ao espírito ateneísta que hoxe ninguén discute e que se resume no seu lema:

"Un lugar de encontro para a cultura"

A PLURALIDADE, a TOLERANCIA, a DIVERSIDADE, ... as portas abertas a todas as opinións, voces e temas, van acadando e confirman un prestixio e solidez que fan do Ateneo Ferrolán unha entidade en permanente actualización e en constante sintonía cultural, política e social co pobo, en defensa da lingua e a cultura galega especialmente.

Nese amplo universo leva movéndose o Ateneo Ferrolán, entidade sen ánimo de lucro e autofinanciándose maioritariamente, nas súas diversas actividades que podemos resumir en:

§ EXPOSICIÓNS DE ARTES PLÁSTICAS *(Cunha media de 15 anuais).*
§ CICLOS DE CINE E VÍDEO *(Todos os trimestres).*
§ CONFERENCIAS, DEBATES E MESAS REDONDAS *(Todo o ano).*
§ CURSOS: pintura, música, teatro, fotografía,... *(Todo o ano).*
§ CONCURSO FOTOGRÁFICO MEDIO AMBIENTE *(Nivel estatal. Continuo durante 16 anos).*
§ CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" *(Nivel internacional. Continuo 16 anos).*
§ XORNADAS DA GAITA *(Continuo 20 anos).*
§ XORNADAS DE CURTAMETRAXES *(Dende o ano 2001. Anuais).*
§ Promotores e Organizadores dos emblemáticos XOVES TEATRAIS *(dende o ano 1995 ate o ano 2000).*
§ CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA" *(Dende o 2003, anual).*
§ PUBLICACIÓNS: REVISTA ATENEA *(4 por ano).*
§ MONOGRÁFICOS: CADERNO DO ATENEO FERROLÁN *(Anual).*

PLURALIDADE

TOLERANCIA

DIVERSIDADE

A súa **BIBLIOTECA – HEMEROTECA** que vén realizando ininterrompidamente, dun xeito gratuíto e público, dende o ano 1983 o seu servizo de Biblioteca/Hemeroteca, sendo a ÚNICA HEMEROTECA de Ferrol e Comarca, obxecto de numerosas consultas de universitarios e investigadores, coa atención especializada dunha Licenciada, que inclúe as seguintes prestacións:

Servizo Público: 900/1000 horas anuais

- Lectura/Consulta de Fondos
- Lectura e Fotocopiado de Microfichas
- Servizo de Fotocopiado

FONDOS BIBLIOGRÁFICOS - 7.700 TÍTULOS

HEMEROTECA:

Colección completa do FERROL DIARIO - EL NORTE.

Subscrición diaria a Diario de Ferrol, La Voz de Galicia, El País, Faro de Vigo, El Correo Gallego, Galicia Hoxe, A Nosa Terra, El Mundo, La Opinión, Público.

Dende o ano 1977, mantemos as coleccións completas para o servizo **público e gratuíto** de: La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, El Correo Gallego, O Correo Galego, A Nosa Terra, El País, Diario 16 de Galicia, O Correo Galego, O Comarcal.

Contamos con 350 cabeceiras de prensa, que inclúen periódicos e revistas de todo o século.

ESPECIALIZACIÓN de fondos de temática galega e propios de Ferrol e comarca.

Anualmente mantemos un convenio coa UNIVERSIDADE para que os alumnos/as realicen na nosa biblioteca prácticas de Biblioteconomía.


FILMOTECA: 351 TÍTULOS

FONOTECA: 115 TÍTULOS

CONTAMOS TAMÉN NO ARQUIVO CON DOCUMENTAIS, TEATRO, CURTAS, ...

A actitude aperturista deste Ateneo, para o debate de todo tipo de ideas, o seu apoio a todas as causas reivindicativas, a súa defensa e difusión da cultura galega e a súa decidida aposta por dar acollida e soporte a cantas iniciativas culturais poidan presentar socios e non socios, non sempre son ben comprendidas por todos e en máis dunha ocasión causan ao ATENEO problemas de incomprensión que felizmente se van superando.

Ademais das actividades apuntadas non podemos deixar de resaltar os faladoiros semanais, os grupos de filosofía e poesía, así como o Club de Lectura. Para rematar, dentro do estilo de acollida e impulso de iniciativas é de destacar a culminación dun proxecto de RADIO da mocidade que xa está emitindo os seus programas diarios desde as súas instalacións no ATENEO FERROLÁN. 88



O ATENEO FERROLÁN SEGUE A MANTER O ESPÍRITO DO LEGADO CARVAJAL

por Pilar Blanco Vidal

Pedro González Carvajal de Castro y Montenegro, é un deses grandes personaxes ferroláns aos que sempre se menciona, pero que en realidade son descoñecidos.A Pedro Carvajal lembráselle pola súa herdanza, da que na actualidade se fala moito, e é coñecida como **"O LEGADO CARVAJAL"**.


Pero que é en realidade o **"Legado Carvajal"**, de onde xorde e como chega aos nosos días.

A familia Carvajal é oriúnda de Avilés. Pedro González de Carvajal, avó do noso protagonista, chega a Ferrol en 1774[1]. De condición fidalga[2] desempeñará diversos cargos públicos na cidade, pero tamén dedicase á construción naval e fomento da agricultura e da navegación comercial.

Comeza así a relación dos Carvajal coa Vila de Ferrol e tamén é o inicio da súa riqueza.

Pedro González de Carvajal contrae matrimonio en dúas ocasións; do primeiro con Ángela Taxonera, terá entre outros a Félix, dedicado aos negocios familiares; e do segundo con Luisa Sanjurjo ten entre outros a Pedro.

Este, Pedro González de Carvajal Sanjurjo nace en Ferrol e terá unha destacada carreira militar na Armada[3], realizando importantes misións, sendo



1.- Minuta de gastos por tramitación de expediente de hidalguía de Pedro González Carvajal na Real Chancillería de Valladolid. 1784

DOÑA ISABEL SEGUNDA, POR LA GRACIA DE DIOS
Y POR LA CONSTITUCION DE LA MONARQUIA ESPAÑOLA REINA DE LAS ESPAÑAS.

2.- Provisión do emprego de Capitán de Navío de Pedro Carvajal. 1850

3.- Carta de Pedro Carvajal ao seu tío Félix, desde

condecorado en varias ocasións, e ocupará cargos destacados.

Casa, en primeiras nupcias, con Matilde de Castro Montenegro e Santiso, tendo un único fillo, que en base ao testamento outorgado mo ano 1872 herdará todos os bens do seu pai.

PEDRO GONZÁLEZ CARVAJAL DE CASTRO MONTENEGRO

Nace en Ferrol en 1843; non seguirá os pasos do seu pai na armada senón que estudia dereito[4] e exercerá como avogado. Non contrae matrimonio e morre en Madrid aos 44 anos, de tuberculose o 15 de novembro de 1887[5] ás 14'15 da tarde.

Era un home sinxelo, de profundas convicións relixiosas; outorga testamento en Madrid o 23 de xullo de 1881 ante o notario D. José del Peral y González[6]. No mesmo estipula as súas últimas vontades, como o ser enterrado no cemiterio da Sacramental de San Lorenzo, sen necrolóxicas na prensa e sen ningún luxo, só cun acompañamento de pobres dun asilo.

El era o herdeiro do seu tío Félix e tamén do seu pai, e por iso nas súas mans reúnese unha considerable herdanza, que á súa morte pasará aos seus tíos maternos, ao non ter outra familia.

Estipula unha serie de condicións ao seu legado principal[7], é que os seus tíos terán só o usufructo e non poderán allear ningún dos seus bens. Queda claro no seu testamento que unha vez que non haxa herdeiros todos os bens pasarán á beneficencia municipal do lugar en que se atopen eses bens. En 1881 ascendía eses bens á cantidade de 339.797pts.

En 1895 morre Valentín de Castro Montenegro, o último dos herdeiros de Pedro Carvajal.

Comeza así o reparto da herdanza segundo Pedro tiña disposto. En 1888 faise a partición de bens, para presentala na oficina de liquidación de dereitos reais e transmisión de bens e despois inscribirse no rexistro da propiedade de Madrid, Coruña, Lugo e Ferrol[8].

Estes bens son cuantiosos:

- En efectivo, na súa casa, ten 845 pts.
- Na Caixa de Aforros, 5000 pts.
- Obrigacións do Banco Hipotecario de España, por valor de 6168 pts.
- Bens raíces en Madrid, Coruña, Lugo e Ferrol.

Nunha carta datada en Madrid o 19 de agosto de 1897 do testamenteiro, comunícase, ao Alcalde de Ferrol, a partición dos bens[9].

Nos anos sucesivos iranse entregando os bens; o 8 de xaneiro de 1898 entréganse os de Ferrol[10] e arredores; que se poden resumir da seguinte maneira, comprendendo leiras rústicas e urbanas e dereitos reais e foros: parroquia de S.Salvador de Serantes, Santiago de Lago, S. Bartolomé de Lourido, Sta. Mª de Sequeiro, S.Esteban de Sedes, Brión, Doniños, Sta.Eulalia de Valdoviño, Aviño, Sta.Mª La Mayor do Val , San Martín de Jubia...

E o que a nosoutros nos interesa especialmente "unha casa en Ferrol, de catro corpos e faiado, sinalada co número cento sesenta e oito..."[11]

Desde o principio o Concello prestou moito interese pola herdanza de Pedro Carvajal, polo moito que podía beneficiar; todos os asuntos relacionados co legado trátanse a través da Comisión 5ª do Concello e quedan perfectamente reflectidos nas Actas municipais.

4.- Carta do albacea Felipe González Bernabé ao Alcalde de Ferrol sobre partición de bens.



De esquerda a dereita: 5.- Libro de actas 486.Sesión de 23-10-1903. Sobre os lugares da elección de Deputados provinciais. 6.- Libro de actas 489.Sesión de 27-10-1902. Sobre a reparación do edificio do Ateneo Ferrolán. 7.- Testemuña do testamento de Pedro Carvajal.Madrid 15-Maio-1888

Na sesión de 21 de abril de 1902[12] dáse conta de que o notario Cándido Conde fai entrega ao Concello, representado polo rexedor síndico Demetrio Plá[13], da herdanza legada polo señor Carvajal. Decídese que a Comisión de Facenda[14] forme un inventario dos bens[15].

Parece ser que como hoxe, esta herdanza xeraba polémica e interese entre a cidadanía; tanto é así que se dá unha aceda discusión nunha sesión do Concello entre diferentes concelleiros sobre o modo de acalar os contos[16], e ao final dise

"Que cuando se publiquen en Secretaría las cuentas mensuales ... del Municipio, se remita nota de las mismas a todos los periódicos de la localidad para su publicación", isto engade, desde logo facilitar á prensa *"nota completamente clara y precisa de la situación del referido legado"*

Como se menciona máis arriba un dos bens, que a través da herdanza de Pedro Carvajal chega ao Concello de Ferrol, é unha espléndida casa que el herdou do seu tío Félix Carvajal; ese magnifico edificio é o que hoxe alberga ao **ATENEO FERROLÁN**, dicíanse entón as súas características, a súa fábrica de cantería, as súas madeiras de carballo... valorada en 25.000 pts. e en bo estado de conservación[17],

Antes de ter a función cultural que hoxe ten, tivo outros usos- tamén en beneficio da cidade-como queda recollido nos libros de actas, sendo escola de nenas[18], e como na actualidade Colexio electoral[19]. Tivo tamén outras funcións e nunha relación dos bens do legado, cos seus valores, rendas, etc... faise mención ao edificio:


"finca urbana en Canalejas 204 unida por su interior al 202 y al 5 de Méndez Núñez... estuvieron los servicios de juzgados y escuela mixta, hoy sólo lo ocupan en la planta baja almacenes, comedor de cantinas y colonias escolares, en la planta superior los archivos notariales y del registro de la propiedad ... tienen una superficie de 357 metros cuadrados y un valor de 106.250 pts."[20]

Como se dixo anteriormente, o Concello sempre estivo moi preocupado pola herdanza recibida, controlando as contas, beneficios que producía e informando ao público de todo.

Un claro exemplo da preocupación, que por entón mostraba o Concello, se recolle no libro de Actas[21], onde se aproba unha conta de gastos polo investimento na reparación da casa Nº168 da rúa Magdalena[22], esta casa é o **ATENEO FERROLÁN**.

Unha casa das máis antigas do Ferrol[23], que se constrúe no século XVIII; nela destacan importantes e novidosos elementos arquitectónicos, como sinalan os especialistas[24], por exemplo parte dos seus muros de mampostería enlucida, sendo das primeiras edificacións que adoptou este sistema foráneo, tanto en Ferrol, como en Galicia; hai que destacar que hoxe seguimos conservando eses muros enlucidos[25]. Unha das características máis destacadas do edificio son os seus balcóns de for-




Nº 17

ESCRITURA

DE

Entrega de la herencia

OTORGADA POR

A FAVOR DEL

ANTE

EL

Lic.do D. Cándido Conde Fernández

ABOGADO Y NOTARIO

DE LOS ILUSTRES COLEGIOS DE LA CORUÑA

con residencia como Notario en la ciudad del

FERROL

Magdalena, 71

8.- Escritura de entrega de herdanza ao Concello de Ferrol.3-Abril-1902

xa que o identifican como un edificio claramente dezaoitesco, en contraposición ás galerías decimonónicas.

Todo este edificio, esta xoia, está hoxe en día aberta á cidade de Ferrol, desenvolvendo unha intensa actividade cultural, cunha biblioteca de interese galego e unha hemeroteca única na cidade.

Sentímonos orgullosos de seguir mantendo, desde o Ateneo, o espírito do Legado Carvajal, realizando un beneficio á sociedade.

Nada mellor para finalizar que as palabras dun importante historiador, que foi ademais presidente do Ateneo, Guillermo Llorca "É de supoñer que Pedro González Carvajal sentiríase satisfeito se vise que unha parte da súa xenerosa achega cidadá ía converterse, co paso do tempo..., nun edificio modélico... ao servizo cultural de todos os ferroláns".

FONTES E BIBLIOGRAFÍA: AMF C-312. expt.2.4.7. 1782-1871 ¶ AMF Libro de actas 486 ¶ AMF Libro de actas 489 ¶ Concello de Ferrol. Negociado de Patrimonio. Testamento de Carvajal. Nº 54.expt.272 ¶ *El Correo Gallego*, julio 1902 ¶ Gómez, A.; Ocampo, MªEva e Piñeiro, E.: *Ilustres nas rúas de Ferrol*. Ed. Concello de Ferrol, 1995 ¶ Llorca, G.; Rodríguez-Villasante, J.A. y Alcalá, A.: "O Ateneo. Recuperación dun patrimonio histórico-artístico", en *Cuadernos Ateneo Ferrolán*. AnoVI- Número IV, 1986. ¶ VV. AA.: "Xentes de Ferrolterra". *Cadernos do Ateneo Ferrolán*. Ano 12, Núm.10, 1994

NOTAS

1 "O Ateneo. Recuperación dun patrimonio histórico-artístico"; Cadernos Ateneo Ferrolán. Ano VI -Nº IV; 1986; páx.15

2 Ver anexo 1

3 Ver anexo 2

4 Ver anexo 3.Carta ao seu tío Félix Carvajal desde Santiago en setembro de 1861, antes de que se inicien as clases.
AMF C-312; expt.2.4.7.

5 "Ilustres nas rúas de Ferrol".- Andrés Gómez, Eva Ocampo, Esperanza Piñeiro; Ed.Concello de Ferrol; 1995; páx.30

6 AMF.Libro de actas 489. Sesión de 21-Abril-1902; fol. 34v.

7 Testemuña de Testamento. Na Vila de Madrid a 23 de xullo de 1881, Pedro Carvajal de Castro y Montenegro de 38 anos. CLAÚSULA 15: os bens que deixa á beneficencia non poden ser enaxenados, pero si cambian as leis e "*el Estado pudiera hacerse dueño de los espresados bienes autoriza á las personas á cuyo cargo estén los Establecimientos de Beneficencia Municipal...vendan dichos bienes en subasta pública y distribuyan su importe en lotes de á quinientas pesetas...que serán sorteados entre los obreros pobres de buena conducta...*" Concello de Ferrol. Negociado de Patrimonio Nº 54, expt. 272

8 Testimonio Nº 348. Madrid 15- Mayo- 1888. Ante D.Joaquín Moreno caballero, Notario. Concello de Ferrol, Negociado de Patrimonio. Nº 54, expt. 272

9 Ver anexo 4.Carta ao Alcalde de Ferrol. AMF C-312; expt. 2.4.7

10 "Ilustres nas rúas de Ferrol" op.cit.

11 Ver Anexo 7.

12 AMF L-489. Sesión 21-4-1902; fol.34v.

13 Ver anexo 8. Escritura de entrega de testamento Concello de Ferrol, Negociado de patrimonio. Nº 54, expt.272

14 A Comisión de Facenda, é a Comisión 5ª

15 Segundo as noticias da prensa ferrolá na primavera do 2005, unha empresa contratada polo Concello de Ferrol localizara os bens do Legado Carvajal e sumaban 166.000 metros cadrados, nun total de 26 leiras.

16 AMF L-489. Sesión 23-Junio-1902; fol.54 r. y v.

17 "O Ateneo.." op.cit.,páx.16

18 Ver anexo 5.L - 486.Sesión 23-Octubre-1903; fol.26v.

19 Hai que explicar que os nomes e numeración das rúas cambiaron e que o nº 168 da rúa Canalejas se corresponde co nº 202 actual, sede do Ateneo Ferrolán.

20 Concello de Ferrol. Negociado de Patrimonio. Nº 54, expt. 272

21 Ver Anexo 6.

22 AMF L-489.Sesión 27-Octubre-1902;fol.89r.

23 Segundo Juan Antonio Rodríguez-Villasante, se iniciaría a súa construción en 1762.

24 Como o historiador Alfredo Vigo Trasancos e o arquitecto Alfredo Alcalá

25 Isto a pesar das pintadas que algúns sen respecto polo patrimonio da cidade, realizan de vez en cando.


A IGREXA DE SAN MARTIÑO DE XUVIA NO ANO 1776

por Fernando Dopico Blanco

Adicado á señora Marisol e en homenaxe a outros tantos veciños do Couto e do Lodairo, por tantos anos de traballo silencioso e nunca dabondo recompensado, na conservación da igrexa e do mosteiro de Xuvia ...

Entre os fondos do *Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela* atópanse microfilmes correspondentes a orixinais conservados no *Arquivo Histórico Nacional*, en Madrid. Entre eles, gran parte dos *libros*[1] do milenario mosteiro de San Martiño de Xuvia.

Velaquí como un destes *libros* incorpora o memorial de diversos arranxos e melloras efectuadas na igrexa de San Martiño no ano 1776, relatando, de paso, a disposición arquitectónica que mantiña polo entón e outros detalles de moito interese. Deste xeito, asomamos a unha descrición do templo e dos seus anexos moi axustada á realidade. Isto conleva que, a partir de agora, posuímos unha contrastada fonte de información para avaliar o estado do edificio no século XVIII, e tamén para explicar varios dos elementos arquitectónicos e artísticos que aínda hoxe podemos observar, e outros lamentabelmente desaparecidos.




1. San Martiño de Xuvia. Á esquerda do campanario, a capela dos Esquío[2] *(fonte: www.naron.es)*.

Importantes datos aparecen recollidos neste manuscrito. Por exemplo, o agrandamento lonxitudinal das fiestras do altar maior. A culminación, a base de ladrillo e cal, dos tramos que lles faltaban a catro columnas para chegar ó tellado. A colocación de dúas pías novas de cantería para Auga Bendita. A feitura –tamén *ex novo*– das escaleiras de acceso á igrexa e á inmediata capela de San Miguel[4], *que hace como media luna, con nuevas piedras de cantería, de onze quartas y medio cada una, que vinieron de Chamorro*. A integración dun artístico enreixado de ferro na ante porta, ...

Outros minuciosos aspectos, se cadra máis pormenorizados, aparecen tamén asentados con puntualidade. A merca de dúas lámpadas de bronce, *con sus platos de oja de lata, que se compraron en Santiago, con sus eses de hierro emplomados en la cantería y pintados de encarnado*. A restauración da talla do *Patriarcha* San Bieito, a quen lle puxeron *la mano izquierda, que le faltava, y también el báculo y ojos de cristal ...*

Particularmente, quero salientar a agradábel sorpresa proporcionada pola noticia –ata o presente non documentada con tanta precisión– da existencia de dous sartegos cos respectivos xacentes dentro da igrexa de San Martiño. Un se corresponde con Rodrigo Esquío (¿† ~ c.aa. 1440-50?), que hoxe aínda se conserva con borrosa inscrición. Outro, desaparecido, era un pouco máis pequeno e pertencía a Diego Esquío, pai do anterior e homónimo do enterrado en San Nicolás de Neda[5]. Por certo que, con este novo dato, cómpre desbotar a teoría de que o Esquío de Neda era pai do de Xuvia, ou viceversa[6] ... O que vén a enredar un chisco máis as filiacións e datacións propostas para estes persoeiros[7].

Porén, cómpre lembrar a case que perfecta exactitude do comentario formulado por frei Mar-



2. San Martiño de Xuvia. Pranta actual da igrexa, segundo a historiadora María José López[3].



3. San Martiño de Xuvia. Armas da Orde de San Bieito, sobre o seu altar.

tín Sarmiento, na viaxe descriptiva que realizou por Galicia entre 1754-55: *La iglesia de Jubia tiene tres naves, en la derecha ay dos sepulcros de dos cavalleros del apellido Esquío. En la izquierda ay una capilla de San Miguel, en donde ay otros dos sepulcros también de los Esquíos, pues las armas de los 4 son unas mismas, vg. dos lobos[8] subiendo a un pino; y la aspa de San Andrés[9] en otro escudo ...*[10]. Así mesmo, se confirman as observacións e debuxos realizados a finais do século XIX polo polígrafo Saralegui[11], sobre o mosteiro e sobre a capela de San Miguel cos seus enterramentos. Por último, certifica documentalmente ás teses que sobre estes xacentes, sartegos e lápidas, sostiven e escribín con anterioridade nesta mesma revista[12], fronte a outras opinións e argumentos.

De seguido, ofrezo a transcrición do texto, onde o/a lector/-a poderá apreciar directamente estes e outros abundantes e saborosos datos. Datos que espero sirvan, tanto máis ós historiadores, para un mellor coñecemento do entrañábel e vedraño mosteiro trasanqués.

Xuvia: s.d., 1776.

Memorial dos arranxos efectuados na igrexa de San Martiño de Xuvia, segundo consta no 'Libro de encabezados de las rentas de Jubia, año de 1776'.

ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO. Microfilmes. AHN, Clero, 3164.

(fol. 484, v°) Ytem.

Se dio a la capilla, nave maior, y / colacterales, de arriba abajo, y de punta / a punta, cal de llanilla, y el blanco cor- / -respondiente; y a la cantería, también cal / de color aplomado, y toda se encintó de nuevo / con medida. La bóbeda de la capilla / maior, y arco primero de ella, estaba abier- / -ta por muchas partes, que la pasaba el agua, / y se recevó toda. Las dos bentanas de jun- / -to al altar, se rasgaron metad más; de su- / -erte que antes tenían doce vidrios, y oy tienen / veinte y quatro finos, en sus marcos, con vi- / -sagras emplomadas en la cantería, pasado- / -res y tirantes; de modo que se pueden abrir quando / hace Nordés para ventilazión de la yglesia, / y expeler las aguas por unas ranuras que / se abrieron en la cantería con sus conductos / para fuera. Las ocho pilastras de la nave / maior, se compone cada una de quatro columna- / -tas redondas, y quatro esquinadas; pero a las / redondas de las quatro últimas, que caen al cu- / -erpo de la yglesia, les faltaba un tercio para / llegar al texado, y se concluyeron con la- / -drillo, y cal; y así a ellas, como a las más re- / -dondas de todas las capillas, se les dio color aplo- / -mado; y de blanco a las esquinadas, y se encin- / -taron de nuevo. En las dos últimas pilastras / se empotraron dos pilas de cantería, que se hicie- / -ron de nuevo para la Agua Bendita. También / se hizo de nuevo, la escalera de la puerta princi- / -pal, con sus ramos, o ramales, acia el baptis- / -terio, y capilla de San Miguel, que hace co- / -mo media luna, con nuevas piedras de cante- / -ría, de onze quartas y medio cada una, que / vinieron de Chamorro, además de otras que havía / de prevención en casa. Encima de dicha pu- / -erta principal, y arco de sobre de ella, se puso / una reja de hierro, bien trabajada, para / luz, y ventilación de la iglesia, que pesó qua- / -trocientas treinta y seis libras; y sobre // (fol. 485, r°) ella se colocó un balcón de madera / que cae a la dispensa de sobre dicha puerta, / bien asegurado con fixas de hierro. En / las dos columnas de la capilla maior, se / pusieron dos lámparas de bronze, con / sus platos de oja de lata, que se compra- / -ron en Santiago, con sus eses de hierro / emplomados en la cantería y pintados de / encarnado; y a los dos lados del altar, dos / planchas de hierro para apagar las velas. / En el pórtico, o entrada de la yglesia, se / pusieron dos puertas de castaño pintadas / de encarnado, con sus visagras y cerrejo[14]. / Se hicieron a un lado, y a otro de dicho pórti- / -co, asientos de cantería. Se lastró to- / -do con losas grandes. Se subtilló y rece- / -bó la pared de acia el campanario, que esta- / -ba sin cimientos, como también los antepe- / -chos de la entrada de dicho pórtico, donde se pusie- / -ron asimismo dos escalones, o pasos de can- / -tería. /

En la nave de Nuestra Señora del / Rosario, se cerraron dos bentanas, a cal / y canto, de que quedaron vestijios por la parte / exterior acia el norte; y también otra acia el norte, que / la tenía cubierta por afuera la escalera de la tor- / -re, que se hizo posterior a la yglesia. La / bentana que está junto al altar de esta nave / se ensanchó más, y se le puso vidriera, con sus / marcos, y visagras emplomadas en la cantería, / y de abrir y cerrar. También se ensanchó / la del medio de esta nave, que mira al norte. Se / le puso su vidriera con marcos, y un balaustre / de hierro, que pesó nueve libras, para la seguridad / de la yglesia, por estar algo vaja a la parte exte- / -rior. La bentana que cae sobre el arco // (fol. 485, v°) de la capilla de esta nave, se rasgó hacia todos la- / -dos por quanto daba poca luz, y se le puso vidriera / con sus bastidores. También se franqueó / el arco de la puerta de la sachristía, que antes te- / -nía por medio un lintel, que hacia vaja su entra- / -da. Hízosele puerta nueva de madera de cas- / -taño, con sus visagras emplomadas en la cante- / -ría, cerradura y pasador. Las quatro co- / -lumnas últimas estaban por concluir desde la / cornixa, y lo mismo parte de seis arcos, hasta llegar al texado; y también desde la benta- / -na del norte, hasta llegar al balcón de made- / -ra que está sobre la puerta principal; y se / cerraron, y concluyeron de ladrillo, y cal. / A los lados del altar, se pusieron también dos / planchas de hierro para apagar las velas. / Entre esta nave y la capilla de San Miguel / havía un caño de cantería, que no guardaba la / agua, y destruhía la pared medianil. Asentó- / -se en cal. Machembráronse de nuevo las piedras, / y se embetumaron[15]; de modo que las aguas tie- / -nen salida corriente. Como los nichos de / las campanas por la parte inferior estaban lla- / -nos, y pasaba allí el agua

que se introducía / por las paredes, hasta la yglesia; se pusieron / unas losas grandes, o chapados, asentados en / cal, que aora la hechan fuera. También se / picaron los pasos de la escalera del campanario, / porque toda el agua que en ellos, y de ellos cahía, / se introducía por la pared del pórtico de la ygle- / -sia, que es de barro, y la arruinaba; y por lo / mismo, se dio también a dicha pared, cal de lla- / -nilla, y asentaron junto a ella losas para ex / -pelerla. /

En la nave de la capilla de / Nuestro Padre San Benito, junto al tejado, arriva / del sepulcro de Diego Esquío, havía dos bentanas // (fol. 486, r°) que cahían sobre el tejado de la sala maior, o / hospedería, que parecía haver sido nichos / para campanas, y se cerraron, a cal / y canto, porque a la parte interior causaban dis- / -formidad; y por la exterior se introducían / las aguas del sur. En la misma nave / cerca del baptisterio, havía dos bentanas / con sus marcos de cantería, que en otro tiempo / estubieron abiertas acia la sala primera, o / de la entrada del priorato, que cae al sur; y otra / de la misma manera hacia el quarto de los cria- / -dos, que está al vendabal; y todas tres se cer- / -raron a cal y canto. Desde la tribuna que / ba del priorato a la yglesia, estava por concluir / esta nave, desde la cornixa hasta arriva; y tam- / -bién hasta llegar al campanario, y lo mismo las / quatro columnas, y parte de los arcos de las / pilastras, hasta llegar al maderado. Todo se / concluyó y cerró con ladrillo y cal. Se / hizo de nuevo la puerta que sale por dentro del / priorato a la yglesia, de tabla de madera de / castaño, con su lintel, y miembros de cante- / -ría, visagras emplomadas, cerradura, y / picaporte. La bentana que está al oriente / sobre el altar del Patriarcha[16], se rasgó la me- / -tad más por todos lados, y se le puso vidriera / con sus bastidores. Y en dicha tribuna que / sale del priorato a esta nave, un balcón / fuerte, de hierro con sus eses, y balaus- / -trado, que pesa quinientas y quarenta libras. / A la imagen del Patriarcha, se le puso la / mano izquierda, que le faltava, y también el / báculo y ojos de christal. Se retocó de / nuevo, y pintó la peana, camarín, los nichos / de los santos que están a su lado, y algunos huecos / de el; y a los lados se pusieron dos planchas / de hierro para apagar las velas. También / se hizo de nuevo la puerta de los Santos Óleos, / que cae en esta nave, con sus visagras emplo- / -madas en la cantería, y se pintó. //

(fol. 486, v°) A la capilla, nave maior, y / colecterales[17], se les puso un friso de color en- / -carnado, con su cinta de negro por arriva, / hasta llegar a las puertas de la yglesia. Estas / se pintaron de verde, y lo mismo los marcos / de las vidrieras de la capilla maior. La puer- / -ta que sale del priorato, y la de la sachristía, de / encarnado, y de color de perla; y de este, tambi- / -én los bancos de dicha capilla maior, y los dos con- / -fesonarios pequeños, que están emplomados en / las segundas cepas. Las pilas del Agua / Bendita se xaspearon. Al balcón de hier- / -ro de la tribuna, y a la rexa de sobre la puerta / principal, se le dio también pintura de color / de perla; y al balcón de madera, de varios co- / -lores; y lo mismo al altar del Santo Christo / que está en la sacristía. Asimismo, se / dio albayalde a los dos sepulcros, y figuras / que están en la nave de la capilla del Patriarcha, / que el más pequeño es de Diego Esquío, y el otro / de Rodrigo Esquío, su hijo. Y últimamente / se retexó toda la yglesia, con sus naves y / capillas. Y todo su coste, diez y seis mil / reales de vellón. ///


4. San Martiño de Xuvia. Xacente de Rodrigo Esquío[13]. No chan, lápida medieval.

NOTAS

1 Os *libros* de Xuvia reúnen unha serie de documentos, de diversa antigüidade e temática, agrupados e ordenados nos séculos XVIII e XIX, de xeito que os monxes podían así acceder con máis facilidade á información contida nos manuscritos. Arrendos, foros, fundacións, doazóns, copias e traslados varios, etc. constitúen o groso destes fondos. Así mesmo, cómpre salientar que se conservan outros da mesma procedencia no *Arquivo do Reino de Galicia*, A Coruña.

2 Non cabe dúbida de que esta foto é anterior a 1910, ano no que se derrubou esta capela de San Miguel Arcanxo, fundacional de Gonzalo Esquío.

3 López Pérez, María José. *A igrexa románica de San Martiño de Xuvia*; Cadernos do Ateneo Ferrolán, nº. 6, Ferrol, 1989.

4 Sobre a capela de San Miguel Arcanxo, a súa fundación por Gonzalo Esquío entre finais do século XIV e comezos do XV, a re-fundación disposta polo crego Pedro de Mourelle en 1588, arranxos posteriores, os seus patróns e outros aspectos, ver Dopico Blanco, Fernando. "A refundación da capela de San Miguel de Xuvia por Pedro Mourelle Esquío de Mandiá no ano 1588"; en *Atenea* nº. 22, Ferrol, 2006. Novos datos en relación con este tema acaban de sair recentemente na *Revista de Neda* nº. 10 (2007), no traballo da miña autoría titulado: "Apuntamentos xenealóxicos aos Mourelle Esquío-Mandiá, de Neda e Xuvia (séculos XV-XVII)".

5 Na igrexa de San Nicolás de Neda consérvase o *moimento* co xacente e sartego de Diego Esquío, finado c.aa. 1430-40.

6 Ver García Lamas, Manuel. "Sobre la identidad de dos efigies funerarias de la familia Esquío"; en *Revista de Neda* nº, 1, Neda, 1998.

7 Por exemplo, no ano 1434 documéntase a un Rodrigo Esquío como alcalde de Pontedeume -por Pedro Fernández de Andrade- e ao seu fillo Diego Esquío.

8 Tanto Sarmiento como, logo, o historiador ferrolán Montero Aróstegui, confundiron os esquíos con lobos, máis comúns na heráldica.

9 A observación do P. Sarmiento é inexacta, xa que o escudo ó que se refire brasonaba as armas dos Mandiá, tres bastos cruzados e o can –que non menciona–, e non a aspa de San Andrés. Con toda seguridade tratábase da lápida do crego Pedro de Mourelle Esquío de Mandiá († 1592), que se atopaba na capela de San Miguel.

10 Sarmiento, fr. Martín. *Viaje a Galicia*; Cadernos de Estudios Gallegos (CSIC), anejo III, Santiago de Compostela, 1950.

11 Saralegui y Medina, Leandro de. *San Martín de Jubia: Apuntes históricos*; Impr. El Correo Gallego, Ferrol, 1899. Do mesmo autor, "Un trovador ferrolano de la segunda mitad del siglo XIII"; en *Almanaque de Ferrol para… 1907*, Ferrol, 1906.

12 Dopico Blanco. "A refundación da capela de San Miguel de Xuvia …"; ob. cit.

13 Este *moimento*, tal e como hoxe o coñecemos, é o resultado dunha 'peculiar' reconstrución no ano 1963, de tal xeito que intercalaron elementos e pezas de distintas épocas e procedencia. Como mostra desta 'chapuza' artístico-arqueolóxica, valga dicir que o xacente data de cara a mediados do século XV, a pretendida fronte do sartego é, en realidade, unha antiga mesa de altar, o escudo de armas é de finais do XVI e a súa probábel ubicación orixinal estaba no exterior da capela de San Miguel, a coroa real colocada arbitrariamente enriba do arco data de entre os séculos XVII-XVIII …

14 Sic: *cerrojo*.

15 Sic.

16 San Bieito.

17 Sic: *colaterales*.

DE *PUNTILLAS* POLO FRANQUISMO

Hai quen aínda sostén que falar do pasado equivale a reabrir feridas. As de quen? As do torturado ou as do torturador?

por Pedro Veiga*

A forza de focalizar na guerra civil o debate sobre a memoria histórica, pérdese de vista o franquismo, esquivando tan longo período de excepción permanente e secuestro das liberdades.

É un terreo no que a dereita realmente existente parece moverse con desenvoltura e sentirse placidamente cómoda. Se en algo se insistiu ao longo dos últimos meses, é en que, durante aquela guerra –que Manuel Azaña chamou de vinganza e exterminio– a sucesión de excesos, atrocidades e horrores produciuse en ambos os bandos. No que xa non hai interese e moito menos acordo é en que a crueldade, a intolerancia e a arbitrariedade durante as case catro décadas posteriores é imputable exclusivamente a un só bando: o que se erixiu vencedor o primeiro de abril de 1939.

A DITADURA NUNCA REGALOU NADA GRACIOSAMENTE E CADA ESPAZO DE LIBERDADE FOILLE ARRINCADO

El periódico, 20 de novembro de 2007

Poderiamos vivir interrogándonos sobre se Franco, home de silencios e dubidosa profundidade de pensamento, fixo o que pensaba ou simplemente pensaba o que facía. Xa dá igual. O evidente é que converteu España nun inmenso penal e que, só entre 1939 e 1943, 200.000 presos faleceron, a metade pereceu de fame ou enfermidade e o resto foron executados. Pouca memoria viva queda xa daqueles anos 40, sen dúbida os máis sombríos e infames; pervive un recordo familiar, froito exclusivo dunha transmisión oral no silencio imposto polo temor á represión.

«É imposible contabilizar a dimensión daquela perseguida vangarda democrática nunha España de maioría silenciada.»


O franquismo foi un réxime totalitario, peculiar fascismo hispano nos primeiros anos, fillo doutrinal dunha ideoloxía do desquite, a delación e o desquite que fixo uso e abuso de todos os mecanismos posibles de represión. Con todo, 30 anos despois, aparecen reticencias, cuestiónase o seu carácter ditatorial; e os que sufriron as súas consecuencias en carne propia parecen cohibirse na denuncia ante o ruído mediático ou a sordina dos que só queren recordar a contenda fratricida. Xérase así unha tendencia a ignorar que, cando a democracia era unha angustiosa lembranza, houbo xentes que, por aspirar a recuperar a dignidade propia e colectiva, perderon reiteradamente a súa liberdade, un futuro profesional e moitas veces, demasiadas, a vida. O empeño en concentrar a memoria nos nefastos anos 1936-1939 fai esquecer aos que sufriron sacas nocturnas e paseos de morte, á nai mallada para que o seu fillo delatase aos seus compañeiros antifranquistas, os períodos de cárcere de ata máis de 20 anos, o exilio, as semanas de tortura nas comisarías... simplemente polo feito de ser «desafectos» ao réxime, utilizando a terminoloxía ao uso dos informes policiais da época.

É IMPOSIBLE contabilizar a dimensión daquela perseguida vangarda democrática nunha España de maioría silenciada.

Sen dúbida, non foron tantos os demócratas de entón como o que hoxe pode parecer; do mesmo xeito que eran moitos máis os franquistas que os que hoxe podemos intuír. Baste como exemplo o Tribunal da Orde Pública (TOP), que chegou a incoar 22.600 procedementos que afectaron a 50.609 persoas en a penas 13 anos, entre 1964 e 1976.

Ata que punto contribuíron os antifranquistas a que a ditadura non fose máis longa, podería ser motivo para o debate, pero parece claro que a súa actitude contribuíu a cambiar conciencias. A España democrática xestouse, sobre todo, nas

*Pedro Veiga é xornalista e autor, xunto a Fernando Jáuregui, do libro *Crónica do antifranquismo*.



tebras do franquismo, lonxe das reviravoltas dun poder absoluto que algúns puideron vivir con normalidade e naturalidade, mentres moitos outros o sufriron coa mirada cravada na esperanza do día seguinte, como paralizados ao bordo dun abismo, vítimas dun sentimento de terror xeneralizado que se traducía en silencio.

O franquismo nunca regalou nada, xamais outorgou algo graciosamente, e cada espazo de liberdade foille arrincado: revolvéuselle a universidade dos seus fillos, a igrexa –que tanto apoiou lle brindou– converteuse en reduto de conspiración, os sindicatos verticais tiveron que admitir a elección dos representantes dos traballadores... E, a pesar de todo, seguíu exercendo a sangue e lume un poder despótico ata o último suspiro. Pero o franquismo foi moito máis que Franco e 40 anos de exercicio do autoritarismo máis desapiadado, de desprezo polos valores democráticos ou de visión do adversario como inimigo irreconciliable, traidor ao que é preciso aniquilar, non se borran dunha labazada.

NA VIDA, como na historia, hai momentos de crise e turbulencias que prefeririamos esquecer; na historia, como na vida, os malos momentos son un caudal de experiencia que non debe refugarse. A memoria arrinca onde termina a historia; o presente comeza onde acaba o recordo; o futuro empezou a construírse hai xa tempo; o pasado supérase comprendéndoo e asumíndoo. Con todo, hai quen segue empeñado en que falar daquilo equivale a reabrir feridas. As de quen? As do torturado ou as do torturador?

Curiosamente, son sempre os mesmos os que nos retrotraen, unha e outra vez, aos tempos de 1936-39, orelando e pasando no bico dos pés polo longo 1939-1976 do franquismo. Quizabes sexa mala conciencia. É preferible pensar isto que imaxinar que é produto da nostalxia do onte; polo menos, durmiremos máis tranquilos.

«A memoria arrinca onde termina a historia.»

PRESENTACIÓN DO LIBRO


CONTRA FRANCO, TESTIMONIOS Y REFLEXIONES

Edicións VOSA

Autores: Juan José Gallardo, José Manuel Márquez, Gabriela Berruezo, Octavio Alberola, Josep Mª Huertas Clavería, Miquel Izard, Lidia Falcón, Jaime Crosas, Ignasi Riera, Heleno Saña, Tomás Ibáñez, José Luis Terrón, Félix Vázquez, Antoni Castells Durán, Santiago Vidal i Marsal, Ángel Sody de Rivas, Hermanas de Salvador Puig Antich, Manuel Blanco Chivite, Bernat Muniesa.

Grazas ao traballo dos membros do CEDALL, un centro de documentación para a difusión da memoria histórica antiautoritaria e libertaria dos procesos históricos, acaecidos no Estado español ao longo do século XX, contamos con este libro que se fai preciso e necesario nestes tempos de desmemoria histórica, pero sobre todo neste ano no que millóns de cidadáns celebramos con anhelo o 75 aniversario da proclamación da II República e lembramos con receo os 70 anos acaecidos desde o golpe militar fascista contra o pobo español.

Dito isto, encontrámonos cun libro que esmiuza desde os inicios do fascismo franquista, ate situarnos na España franco-borbónica da transición. Dezasete capítulos fan deste texto unha obrigada obra de consulta a día de hoxe. É, á fin un libro de resistencia, da resistencia ideolóxica da razón que se mantén por riba de todas as profanacións constantes ás que se ve sometida a revisión-revisionista da nosa historia. Datos, feitos, sucesos e narracións en primeira persoa de este variado grupo de autores, resistentes e antifranquistas.



Obra necesaria para saber ben de onde vén toda esta "montaxe" política no que nos asentamos logo de trinta e un anos da morte do ditador na súa cama.

A súa herdanza segue vixente en moitos aspectos da realidade actual deste país e este libro sendo fiel a nosa historia, dá moitas respostas a feitos pasados.


Un libro para ler e reler, que apaixona e que nos invita desde as lexítimas realidades históricas a defender unha verdadeira democracia, que nada ten que ver coa que hoxe temos. Un libro para recomendar.



VI CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA" 2008

BASES

1 As entidades ATENEO FERROLÁN e CAIXANOVA convocan o VI Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "ATENEA" 2008, dirixido a Centros Escolares e mais a Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, coa fin de promover entre eses primeiros segmentos da nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica.



2 PARTICIPANTES. Poderán participar e optar ós premios que se establecen tódolos grupos teatrais, non profesionais, vencellados a Colexios Públicos e Privados, a Sociedades Culturais ou Veciñais da comarca, que se correspondan coas categorías que se establecen nestas Bases.

3 CATEGORÍAS. Establécense catro categorías para a participación neste Certame:

A) Grupos de Teatro Infantil
B) Grupos de Teatro Primaria
C) Grupos de Teatro Xuvenil
D) Educación Especial

A idade límite para participar como actor será de 20 anos, salvo nos casos excepcionais que serán valorados polo xurado.

4 CONDICIÓNS BÁSICAS.

a) Cada grupo participante só poderá presentar ó Certame unha obra.

b) A duración da representación de cada obra estará entre 20 e 75 minutos.

c) Haberá unha distinción especial para aqueles grupos que presenten unha obra inédita **en galego**.

5 Tódolos grupos que queiran participar deberán enviar as súas solicitudes ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202. Aptdo. 303. 15402 Ferrol ou ben por E-mail: a_ferrol@teleline.es) nas que farán constar os seguintes datos: nome do colexio ou entidade e da persoa responsable cos datos correspondentes ó grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espacio necesario).

6 PRAZO. O prazo de presentación para a participación no Certame remata o **22 de febreiro de 2008**. Co gallo de facilita-la asistencia e traballo do Xurado, xunto coa solicitude deberá achegarse unha copia do texto da obra. Os grupos, optativamente poderán presentar unha gravación da obra en formato DVD.

7 REALIZACIÓN. A representación das obras, na súa primeira fase, terá lugar nos meses de marzo, abril e maio do 2008, dentro dun programa que estará en función do número de participantes. O Xurado fará unha selección de DOUS grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría D haberá un só grupo seleccionado. O Xurado valorará en cada representación os seguintes apartados:

a) Mellor posta en escena
b) Mellor representación

8 XURADO. O Xurado será nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e Caixa Nova.

9 PREMIOS. Dos grupos finalistas, como parte do Premio, poderán ser seleccionados para unha representación o día da entrega de Premios nun lugar a determinar pola Organización. Tamén recibirán unha cantidade en metálico, igual para todos polo importe de douscentos cincuenta euros (250 euros) que deberán ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas.

10 A presentación a este concurso supón a plena aceptación destas Bases. Tódolos imprevistos non contemplados nelas, serán resoltos polo Xurado sen ningún tipo de apelación.

PODEMOS ACABAR COA VIOLENCIA MACHISTA CADA QUEN DESDE A SÚA RESPONSABILIDADE

25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Son moitos os cambios nos últimos anos: novas leis, programas específicos nas administracións, visibilización nos medios de comunicación, distinta valoración na opinión pública, novos valores nas relacións persoais... aínda así, o número de mulleres asasinadas, as denuncias de mulleres agredidas e as condenas por agresións, seguen aumentando. E o que é aínda máis preocupante, a violencia machista perpetúase na xente máis nova.

Somos conscientes de que moitas estructuras económicas (Banco Mundial, Fondo Monetario Internacional, multinacionais...) , **estructuras políticas** (G-8, gobernos, exércitos...), **e estructuras relixiosas** (Vaticano, conferencia episcopal española, aiatolas, imáns, consellos relixiosos...) **están mantendo e perpetuando unha organización patriarcal da sociedade** onde se encontra enraizada a violencia machista. Unha realidade implantada en todo o planeta, e que mostra a súa face máis descarnada en situacións de guerra, tráfico de persoas e explotación sexual.

Aínda así, desde a Marcha Mundial das Mulleres temos o convencemento de que para rematar coa violencia, non chega coa denuncia e loita contra todas estas institucións e estructuras. Partindo da nosa realidade máis inmediata, fai falta que confluamos nunha mesma dirección todos os sectores sociais que aspiramos a transformala, **porque cada quen debe analizar e asumir a responsabilidade que lle corresponde para rematar con esta lacra social :**

***As organizacións políticas e as persoas que teñen responsabilidades e presenza nas administracións e nos poderes públicos** , que deben tomar consciencia de que este non é un problema só daqueles departamentos, secretarías, concellerías... específicas, senón que é algo que atinxe de xeito global a todos os estamentos e implica reformulacións organizativas e de «boas prácticas», destinando máis recursos para a aplicación das leis, creación e mantemento de servizos de atención e recuperación das vítimas, aplicando consecuentemente políticas de prevención e comprometéndose, máis aló do papel, nas políticas de igualdade. Enfrontándose aos grupos políticos que dean o seu apoio a alternativas ou prácticas sociais, económicas, relixiosas e culturais que neguen a igualdade de dereitos para todas as persoas e favorezan relacións de marxinación e opresión.

> Respéctame *as miñas diferenzas, os meus desexos, a miña sexualidade, a miña historia, a miña capacidade de decidir, de pensar, de traballar, de gozar; de decidir sobre a miña vida , a miña sexualidade, as miñas amizades, os meus estudos, o meu traballo; sen imposicións, sen malos tratos, sen discriminacións, sen violencia, sen estereotipos, sen sexismo, sen machismo,...*

***As persoas que traballan nos medios de comunicación**, tanto públicos como privados, que teñen a responsabilidade de elaborar e divulgar unha información obxectiva e libre de estereotipos sexistas, tanto en relación coas vítimas de violencia como a visibilización das mulleres en todos os ámbitos sociais. Asumindo a responsabilidade que lles corresponde na creación dunha opinión pública inspirada nos valores da igualdade.

***Os sindicatos**, que teñen a responsabilidade de loitar contra a segregación e a discriminación no mundo laboral e de asumir a defensa da seguridade e a saúde de todas as traballadoras e traballadores. Deben aplicar unha perspectiva de xénero na súa acción sindical, utilizando todas as ferramentas na loita contra a discriminación, e o acoso, e na mellora das condicións laborais, especialmente dos sectores máis precarios e vulnerábeis, tanto no ámbito rural como no urbano. Correspóndelles, como un dos máis importantes axentes sociais, un papel fundamental na sensibilización social a prol da igualdade, a corresponsabilidade e de rexeitamento do machismo e a misoxinia.


***A comunidade educativa**, que ten a responsabilidade de detectar e atallar, no seu ámbito, actitudes machistas e situacións de violencia, formando en valores de igualdade, solidariedade, xustiza, liberdade e paz. Xerando dinámicas propias de renovación pedagóxica que garanten unha educación en igualdade.

***O movemento veciñal**, cultural, ecoloxista... que conforman un tecido social moi activo no noso país e de compromiso transformador, que teñen a responsabilidade de transmitir e aplicar os modelos de igualdade na hora de elaborar as súas alternativas, a súa práctica e o seu modelo organizativo, mostrando a súa solidariedade e irmandade co feminismo.

*** As persoas crentes**, que teñen a responsabilidade de rexeitar o machismo e a misoxinia que emana, tanto das estructuras relixiosas, da doutrina, ou dos textos sagrados, buscando un novo modelo de espiritualidade que non perpetúe a exclusión e opresión das mulleres.

*** Os homes**, que teñen a responsabilidade de amosar o seu rexeitamento, no día a día, ás actitudes machistas, desenvolvendo novos modelos de masculinidade, implicándose na sensibilización e concienciación social pola necesidade dun novo modelo de relacións afectivas e sexuais baseadas no respecto, a igualdade e a liberdade. Asumindo a corresponsabilidade no coidado (crianzas, persoas enfermas e de idade, traballo doméstico...), tan imprescindíbel para as persoas.

As mulleres, que temos a responsabilidade de non perpetuar un sistema que nos marxina, de rexeitar unhas relacións baseadas na submisión e na desigualdade, que debemos implicarnos no proceso de empoderamento individual e colectivo, criando alianzas e complicidades que nos axuden a avanzar.





TARDE DE OUTONO

Un outono máis, sen dúbida;
dende o chan o debuxan as follas
da nogueira, o castaño e a abeleira.
O berra o lusco-fusco
mentres miña man escribe soa,
espindo sede doutros tempos,
un poema á lembranza.

Non é preciso recorrer a vivencias,
a man que rozou esa pel
e quen de reflexar a suavidade do teu rostro,
mentres esvara azul polo papel.

Un arreguizo propio a guía
alleo a miña vontade, fíreo e ordena ...
e nembargantes, o pasado podería negalo,
como negou as miñas primaveras,
un laio dos teus beizos, e mil sonos.

Hoxe é outono, sen dúbida;
mo di algo frío nos miolos,
o confirma un espello baleiro, sen ti,
e un silenzo que rebota nas paredes.

E dende tan lonxanos arredores,
nesta tardiña calmosa, o sabemos ...
É outono. Tarde de outono.
Outono e tarde.

Ferrol 10 de decembro de 2007

TARDE DE OTOÑO

Es otro aniversario del otoño, sin lugar a dudas;
lo dicen desde el suelo las caducas hojas
del nogal, el castaño y avellano.
Lo grita la luz crepuscular
mientras mi mano escribe sola,
desnudando sed de otro tiempo,
un poema al recuerdo.

No es preciso recurrir a vivencias,
la mano que rozó esa piel
sabe expresar el tacto de tu rostro,
mientras desliza azul sobre el papel.

Un estremecimiento propio la guía,
ajeno a mi voluntad, la hiere y ordena ...
y sin embargo, el pasado podría negarlo,
como negó mis primaveras,
un suspiro de tu boca, y mil sueños.

Hoy es otoño sin lugar a dudas;
lo dice algo frío en mis adentros,
lo asegura un espejo sin tu imagen,
y un silencio que rebota en las paredes.

Y desde tan lejana cercanía,
en esta tarde que se pierde, lo sabemos ....
Es otoño. Tarde de otoño.
Otoño y tarde.

Ferrol, 10 de diciembre de 2007

Ángel Ruiz de Velasco
(Tradución ao galego de Eliseo Zaera Ríos, supervisada polo autor).

Monstruo REGANOSA, Abel www.72ppp.com



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org